



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 5 DE SETEMBRO DE 2016.

ASÍSTENTES:

Alcalde-presideante

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)
D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)
D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)
D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)
D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)
D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)
D^a M^a CONSUELO VISPO SEARA (P P)
D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)
D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)
D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)
D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)
D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)
D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)
D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Ausentes:

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 5 de setembro 2016 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que existe quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017

O sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é a aprobación dos festivos locais para o ano 2017. A proposta como en outros anos desta Alcaldía coincide, é coincidente cos festivos locais de Ourense, que son neste caso o 28 de febreiro (martes de entroido) e o 11 de novembro (San Martiño), non só por coincidencia porque coincida cos festivos locais de Ourense, senón porque é unha tradición tamén deste Concello celebrar estas datas dun xeito especial. Intervencións?. Non hai ningunha intervención en relación a este punto. Votación. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación dos festivos locais para o ano 2017, 28 de febreiro (martes de entroido) e o 11 de novembro (San Martiño)”**

2- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTANCIÓNS DO CONCELLO DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día é a aprobación inicial da ordenanza municipal de prevención de incendios forestais e reguladoras da xestión de biomasa e distancias das plantacións do Concello de Barbadás. Antes de nada quero expresar o agradecemento a todas aquelas institucións, persoas e colectivos que colaboraron na elaboración desta ordenanza, un especial o agradecemento a Protección Civil de Barbadás, técnicos da Consellería, veciños e veciñas do noso Concello, algún deles ou delas aquí presentes que fixeron diversas consideracións e achegas co único e fundamental obxectivo de participar para mellorar esta ordenanza. Falamos dunha ordenanza que ten un claro obxectivo, previr os incendios forestais, protexer os bens e infraestruturas tanto públicas como privadas e pór en valor as zonas forestais, para isto é fundamental conseguir unhas determinadas condicións do monte, é moi importante que unha aprobada vez esta normativa se é que se da o caso, sexamos capaces de involucrar e sensibilizar a toda a cidadanía en defensa do monte e na loita contra o lume. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes a todos e a todas. Esta ordenanza que traemos aquí como dicía o señor Alcalde, ten como finalidade establecer as condicións para a xestión da biomasa e a fixación de distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos de núcleo rural ou urbanizables de Barbadás, para establecer as condicións preventivas necesarias para que non se



produzan incendios forestais, é dicir, queda excluído o solo rústico. Esta é unha ordenanza tipo que promove a Federación Galega de Municipios e Provinciais a FEGAMP, e que se está aprobando en moitos dos Concellos do noso País e que nós traemos a Barbadás tamén para a súa aprobación que nos vai a permitir realizar unha xestión directa do que supón as limpas en solos, neste tipo de de solos catalogados en esta ordenanza. Funcións que antes non podíamos levar a cabo porque non tiñamos esta ordenanza e polo tanto nos impedía facer, realizar a xestión deste tipo de biomasa e de xestión, e a partir da aprobacións se se leva adiante a ordenanza, a aprobación desta ordenanza poderemos facelo directamente dende o Concello de Barbadás. Esta ordenanza está adaptada á Lei de prevención de incendios forestais do ano 2007 a Lei 3/2007 de 9 de setembro do ano 2007, e regula entre outras cuestións o solo onde están, onde se vai a aplicar, establece que a limpeza destes perímetros de xestión de biomasa teñen que estar realizados antes de 30 de xuño de cada ano, e inclúe a roza para eliminación do extracto herbáceo arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación, a poda e rareo do estrato arbóreo a descontinuidade horizontal entre as copas das árbores e verticais entre estas e os estratos arbóreos e arbustivos. Establece unhas faixas de protección da xestión de biomasa entorno a todo o que son os núcleos rurais, vivendas, incluso tamén instalacións eléctricas, instalacións industriais, gasoleiras e todo tipo de instalación establecendo unhas faixas dependendo a distancia ata 30 metros, non pode haber especies pirófitas e entre os 30 e os 50 metros non pode haber ningún tipo de mato, nin matogueira que supoña un perigo de incendio, dun perigo de incendio para as vivendas e para o monte, iso todo está recollido aquí, como digo está todo adaptado á Lei 3/2007 de prevención de lumes. As persoas responsables son os propietarios das fincas, son os que teñen que ter os seus predios limpos, e o Concello poderá levar adiante previo apercibimento senón se cumpre a limpa por parte dos propietarios, poderá levar adiante o que se chama a execución subsidiaria, é dicir, se eles non limpan podería limpar o Pleno, aínda que teño que resaltar aquí, perdón, desculpade, limparía o Concello sempre e cando supuxese un perigo inminente de incendio, en caso de extrema necesidade e dun perigo grande de incendio se podería facer con medios propios do Concello contratando unha empresa que faga estas limpas e pasando posteriormente a cobrarlle ós propietarios destas fincas o seu valor, o valor desa limpeza, pero en principio con carácter xeral seguiríase xestionando como ata agora e como fan todos os concellos de Galiza que é pasando as notificacións negativas dos informes do que falaremos despois nunha moción que presenta o Grupo Mixto, e pasándolle os informes a Medio Rural para que sexan eles quen sancionen ou establezan como se teñen que facer esas limpas. Como dicía



quedan prohibidas repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable delimitado de núcleo rural, e no seu caso as repoboacións forestais existentes antes da entrada da Lei do 2010 deberá de adecuarse para gardar respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos e instalacións industriais a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas, e 30 metros para o resto de especies. As licenzas, hai que pedir licenzas e permiso para realizar talas de monte neste Concello, e as comunicacións hai que tamén solicitar comunicacións previas para uso do lume en lugares onde están establecidos segundo o anexo 3 que figura na mesma ordenanza e que son aqueles lugares de as diferentes parroquias do noso Concello que están habilitados para facer o que entendemos por barbacoas, ou puntos onde se podería establecer sempre e cando haxa un informe positivo da Policía Local dependendo da altura do ano, a perigosidade de incendios, a altura do ano e de calor, e de seca, que se atope o terreo, estes lugares que establecen no anexo III para facer no monte, ou para facer o lume, e tamén se establece que hai que pedir permiso para facer outras actividades como pode ser para utilización de artefactos pirotécnicos ou mesmo para a realización de eventos deportivos en zona forestal, no capítulo V recolle o réxime sancionador que a partir de agora si que podemos aplicar directamente dende este Concello e que ata agora só podía aplicar Medio Rural, esa é unha das diferencias fundamentais. Nós podemos aplicar directamente dende o Concello de Barbadás unha sanción a aquelas persoas que non limpen os seus predios, e se facemos a execucións subsidiaria poderíamos cobrar por ese servizo, ata agora isto facíao Medio Rural e cobraba Medio Rural.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todas e a todos. Nós estamos de acordo coa ordenanza, non temos nada que dicir en contra e incluso colaboramos en certa maneira nela, o que si tiñamos a dúbida que agora aclarou o Tenente Alcalde polo tema dos, en caso de que non limpen os propietarios a día 30 de xuño como vai a aplicar o Concello, que vai a facer o Concello, se vai a actuar de oficio, ou como di algo que sexa perigo inminente, perigo inminente sempre vai a supoñer porque seguramente vai a estar ó lado de casas, entón sempre vai a ser perigo inminente, entón a nosa dúbida é esa, e aparte despois traemos unha moción na que ten relación con isto que estamos a falar e afondaremos un pouco máis no tema. Antes o facía Medio Rural como dixo, o tema de que senón limpaban, pero tampouco o fai, ó final todas as notificacións algunhas delas pérdense, e hoxe a día 5 de setembro hai fincas, no medio de núcleos rurais que están sen limpar a carón das casas, e a xente está preocupada porque non pode facer outra cousa e por iso traemos a moción que traemos despois ó



final e xa falaremos sobre o tema. Despois serían as medidas que debería tomar o Concello e xa digo falaremos logo na moción ó final.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Fina Varelas

A sra. Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana): Boas tardes a todos. Pois eu a moción atópoa moi axeitada estou totalmente de acordo con ela, se vós recordades a primeira moción que presentou Democracia Ourensana por Barbadás foi esta, e entón paréceme axeitada en todos os puntos e estou contenta que polo menos un ano máis tarde se faga isto. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todas e a todos, compañeiros Concelleiros e funcionarios do Concello e demais público que nos acompaña hoxe. Vamos a ver, probablemente a moitos cidadáns lle vai a sorprender que este proxecto de ordenanza que se presenta hoxe aquí case ó remate da tempada de verán. A min dende logo non me sorprende para nada xa que se me permiten a expresión o “modus operandi” deste goberno xa nos ten acostumados, é dicir, coma os malos estudantes facer as tarefas tarde, copiando polos compañeiros mal e para sacar un aprobado raspado. Pois cando as cousas se fan así dende logo na maior parte das ocasións se suspende o exame. Nomean vostede esta ordenanza como a de prevención de incendios forestais iso si aparte regula a xestión da biomasa e distancias das plantacións do Concello ca estamos totalmente de acordo e é un punto máis dentro da prevención de incendios, pero pensamos que cando se fai unha ordenanza desta embergadura, desta índole para un tema tan importante pois hai que ir máis alá, hai que profundizar máis en todo o que atinxe á prevención de incendios. Dende o noso de grupo pensamos precisamente iso, que hai que ampliála, hai que facelo ben con sentidiño e tocando todos os aspectos a conseguir este fin, e non facer un texto para quedar ben, mañá sacalo no xornal e aí queda todo. No tocante xa dixen a distancias das plantacións, xestión da biomasa, limpeza de terreos, lugares habilitados para a realización das actividades parécenos un xeito axeitado, pero nun principio si estamos de acordo, iso si, estas zonas que se están nomeando no anexo e que se poden utilizar para diferentes actividades nas que se utilice lume e podan presentar un risco de incendio vamos facer dende logo unhas alegacións pedindo que queden habilitadas cos medios materiais e os recursos necesarios para poder tirar deles no momento que exista un risco de incendio. Recórdolle ademais que existen moitos pobos e moitos lugares destes que están nomeado que carecen bocas de rego contra incendios, iso hai que recordalo. Vamos a ver como xa digo nun principio vamos a presentar alegacións encamiñadas a facer esta ordenanza un pouco máis ampla, propomos ademais a creación dun plan municipal para a prevención



de incendios, crear partidas orzamentarias que permitan cubrir as necesidades no tocante a medios tanto materiais como humanos para actuar fronte ós incendios e á súa prevención, entendemos que existe un problema ademais de base que para un cambio que presenta un cambio na mentalidade e na actitude da cidadanía, de cara a proporcionar un cambio neste senso con especial énfase nos menores e mozos propomos que se poña en marcha ademais un programa e campañas educativas de concienciación medioambiental e de prevención de incendios para preservar o noso patrimonio cultural, perdón natural. Creación ademais dun plan local de emerxencia axeitado en coordinación cos diferentes Corpos de seguridade, Protección Civil, ademais de implicar nel a outros colectivos importantes coma ben podan ser as asociacións de veciños, de montes, cazadores, asociacións deportivas, e empresas. Control ademais exhaustivo de verquidos de entullos e abandono de materiais inflamables nas pistas e a carón dos pobos, medidas disuasorias incluso no tema da limpeza, vixianza e que o Concello poida actuar de oficio e non esperar a que sexa un veciño quen teña que denunciar. Xa non só na tempada de verán senón tamén ó longo do ano pois non basta con aprobar como xa dixen antes unha ordenanza e colgala no taboleiro de anuncios para que despois quede todo en saco rachado, ademais publicar na páxina web do Concello e a través dos distintos medios de comunicación o contido dese plan local de emerxencia, autoprotección da cidadanía e no caso de detección emerxencia de incendios ou de potencias riscos, contratación ademais de persoal nas tempadas máis altas de risco, e incluso animar a conseguir un voluntariado ambiental de vixianza incluso nos mozos, ademais si que nos gustaría ademais que o informe xurídico se ampliase un pouco e a maiores falando un pouco se esta ordenanza tal e como se nos presenta está acorde á lexislación autonómica iso solicitarémolo por escrito no momento que fagamos as alegacións e nun principio nada máis. moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Grazas pola participación dos grupos que manifestaron a súa intención da apoiar esta ordenanza e en todo caso dicirlle, primeiro a Fina que ten razón que ela presentou unha moción nun dos primeiros Plenos deste Concello, e nese sentido eu creo que ó mellor malinterpretamos naquela altura aquela moción, e a min me gustaría tela retomado ten toda a razón do mundo. Dicirlle ó señor Manuel pode como el di, pode ser que esta ordenanza chegue tarde que sexa copiada aínda que ten melloras respecto á que trae a FEGAMP está traballada está mirada, está adaptada á lexislación, e vostede nos pon un aprobado raspado, eu lle diría ó Partido Popular pola súa desidia en anos anteriores que non foi capaz de aprobar ningunha ordenanza que a nota sería un non



presentado, nós temos un aprobado, vostedes levarían un non presentado, porque non fixeron nunca ningún traballo en materia de prevención de incendios laborais ó longo de todos, de 28 anos no goberno municipal, nós ó mellor chegamos tarde, pero vamos intentar traballar nese camiño. Segunda cuestión, Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, é competencia da Xunta de Galicia establecer a política xeral de protección e loita contra os incendios, elaborar o plan de prevención e defensa contra os incendios forestais e plans de prevención e defensa de incendios forestais de distrito, establecer as zonas de alto risco de incendios as épocas de perigo de incendios forestais, programar e executar actuacións de prevención e loita contra incendios forestais e unha retahíla máis de ordenación que obriga a Comunidade autónoma galega a exercer as súas obrigas na Lei de prevención de incendios, é dicir, non é unha competencia directa municipal e eu creo que nos veña agora o Partido Popular a dar leccións de como se ten que traballar de cara á extinción do lume, porque supoño que vostedes nos dará leccións de como se extingue o lume, pero non de como prevé o lume, e esta ordenanza está encamiñada a previr o lumen, a que non haxa lume en Barbadás como o que quere a FEGAMP é que non haxa en outros lados do noso País, de Galiza, sen embargo vostedes camiñan só na extinción, sorpréndeme que nos digan vostedes a mellor da contratación de persoal de tempada, en tempada de risco, ou sexa, a contratación de persoal en tempada de risco e eu lle diría ó señor Manuel que non, ese non é o camiño polo que aposta este goberno, dende logo non é o camiño polo que aposta o Bloque Nacionalista Galego, eu creo que se debe contratar persoal antes da tempada de risco de lume, non facemos nada alimentando cada vez máis a política de extinción de incendios porque iso o que provoca é máis lume como está demostrado ano a tras ano, día tras día no noso País, temos unha política de extinción que consume miles de millóns de euros todos os anos, e está demostrado que é absolutamente ineficiente hai que traballar na prevención non na extinción, por exemplo, a Consellería sempre traballou cos Concellos facendo brigadas en distritos que non estaban coordinados e dábase os casos paradóxicos de que se había un lume en Coles e tiñamos unha brigada municipal en Barbadás non iamos a apagar o lume a Coles, ata que pasaba o lume de Coles a Barbadás entón si que o iamos a apagar, e o BNG sempre apostou por brigadas coordinadas, unitarias con dirección única dende a propia Consellería de Medio Rural, e niso se camiñou no período 2006-2009, pero camiño desbotado definitivamente polo Partido Popular desde o ano 2009. Por último, só para facer referencia a unha cuestión que si que é unha competencia municipal, se nos ofrecen posibilidades de firmar convenios ca Consellería de Medio Rural ata agora viña para desbroces, para contratacións de brigadas e para uso de motobombas, o uso de motobombas quedou desbotado neste



Concello por un informe que elaborou a Protección Civil, os expertos precisamente na extinción de lumes, e nos acollemos a de limpas, e resulta que agora nos obriga a firmar un convenio por tres anos, xa non anual, senón por tres anos, e que reduce a menos da metade a achega da Xunta de Galicia ós Concello para prevención do lume, esa a achega que fai o Partido Popular para previr o lume, reducir as achegas ós convenios cos concello a menos da metade por hectárea limpada e os convenio os teño aí por se alguén os quere ver.

O sr. Padrón toma a palabra: Só incidir que a ordenanza está completa e obriga a toda a cidadanía, quero dicir que a ordenanza está completa obriga a toda a cidadanía á limpeza das fincas a carón das vivendas que é do que se trata, profundiza nas especies arbóreas e todo o que se pode ter plantado a beira das casas e do que non. No tocante que di de profundizar, no que vamos a incidir nós é no tema da execución desas notificacións que iso si que é o que está fallando, aínda que teñamos esta ordenanza para o ano que ven, senón se toman medidas como expuxemos nós na Comisión na Informativa e diremos despois na moción que presentamos e volveremos a estar igual aínda tendo unha ordenanza deste tipo enriba da mesa. No tocante que di de medios, vamos a ver o Concello de Barbadás ten medios de sobra para extinguir o lume, temos unha Protección Civil, agora temos unha motobomba, e temos persoal, e temos Ourense ó lado, temos a base de Trelle, e vamos a ver todos os lumes que ten habido en Barbadás son sofocados en cuestión de, nin dunha hora, porque os medios están moi preto, o problema aquí é na limpeza das fincas. Que haxa bocas de rego, nós pedimos xa no seu día que houbera bocas de rego e houbera todo nos pobos e xente que estivera habilitada para usalas, eu voulle dicir a miña experiencia, cando hai dous anos estaba, non estaba ni moito menos, nin pensábamos estar aquí, eu estando na asociación de veciños, que non estou, aínda hai que pensa que estou, dimitín cando fun Concelleiro, nós preocupámonos porque o goberno que había no seu momento non se preocupaba disto, eu vin aquí persoalmente ó Concello reuníme co Alcalde que estaba, pedínlle unha bocas de rego e que viñeran a dar uns cursos alí para se hai que utilizala nun momento no medio, no núcleo do pobo, porque a ver ás aforas onde están as casa repartidas é imposible, non vamos a poñer bocas de rego por todo o municipio, é imposible, pero no núcleo dos pobos si, porque en Parada precisamente ardeu unha casa e morreu unha señora, polo tanto que haxa unha persoa dentro do núcleo do pobo que saiba onde está a boca de rego e que teña a manguera no Local social que sole estar no núcleo do pobo e que a vaia a coller e que a enchufe e ós 20 minutos que pode tardar a motobomba ou o coche de Protección Civil, pois xa é unha axuda iso fixémoslo en Parada, e o Alcalde que estaba aquí díxome vai alí a Protección Civil e fala con eles e dille que te



mandei eu e fai o que che faga fatal. Nós porque nos preocupamos, nós baixamos a Protección Civil, o de Protección Civil tróuxonos a mangureira e indicounos onde estaban as bocas de rego viñeron a facer un curso alí a ó pobo, pero porque nós nos preocupamos pero non era a política que había aquí. Polo tanto unha cousa é a ordenanza, e outra cousa niso estamos de acordo co que dixo o señor Manuel antes que sobre todo nos núcleos rurais onde están as casas xuntas que estea ben claro onde están as bocas de rego e que se busque un veciño ou unha persoa alguén que viva alí que é o que pode acudir no momento, para que saiba como conectar esa mangureira e xa non é unha persoa, teñen que ser dúas porque se saben vostedes unha mangureira desas non pode unha persoa conectala de calquera maneira porque iso leva unha presión que non é fácil, polo tanto nada máis, só é o que quería dicir e logo xa falaremos máis sobre este tema.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu só dicir que en canto a este tema a prevención é fundamental hai que partir da prevención porque despois de que xa está o lume apagarase rápido, apagarase tarde, a prevención é importante sobre todo por o tema dos desbroces como xa falastes, e penso que nesta liña se se cumpre isto que vamos a aprobar pois empézase un bo camiño porque ata agora o camiño de atrás foi malo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Por iso señor Padrón dicía eu antes, de facer unha campaña de formación entre os diferentes colectivos para poder saber utilizar estes medios no caso de que haxa o perigo e sobre todo de previlos, fala o señor Fírvida coma sempre dos anos anteriores pois mire o que non fixo o goberno do Partido Popular falou vostede de que non traemos aquí prevención e que primeiro hai que previr e non sofocar o lume o que no fixo os gobernos do Partido Popular é pedindo aquí continuamente que limpemos as herbas tres e catro meses antes da tempada de verán e resulta que o día 29 de agosto o tractor desbrozadora en pistas forestais ó pé dos pobos que está prohibido por esa Lei que vostede nomeaba pasando a desbrozado cando sabe que iso non se pode facer, iso non é previr iso é provocar incendios. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor. Abstencións. Non houbo votos en contra.

Sen máis sométese a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións do Partido Popular, o seguinte acordo:

“Aprobación inicial da ordenanza municipal de prevención de incendios forestais e reguladora



da xestión da biomasa e distancias das plantacións do Concello de Barbadás”.

3- MUNICIPALIZACIÓN DA AUGA DE LOIRO.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto é a Municipalización da auga de Loiro. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Boas tardes a todas e a todos. Pois hoxe coa Municipalización da auga de Loiro, comezamos a última fase neste proceso de municipalización do servizo de abastecemento de auga nun pobo no que viven aproximadamente 250 persoas. Despois dos problemas de salubridade de todos coñecidos e das restricións no consumo do líquido elemento, nos últimos anos este Pleno formaliza hoxe o paso previo ó proceso de normalización do subministro de auga potable. Atrás quedan múltiples problemas que xerou o consumo de auga con altos niveis de arsénico. Este goberno promoveu reunións informativas coa veciñanza para buscar unha solución definitiva, tendo en conta que é o Concello de Barbadás o que ten a responsabilidade sobre a calidade da auga que chega ós fogares dos veciños e das veciñas. Todos lembramos que había tres opcións para solventar o problema: instalar unha planta de eliminación de arsénico, que tiña un custo moi elevado, outras das opcións conectar o depósito de Sobrado ó de Loiro, que se segue a considerar a día de hoxe como a opción máis apropiada, pero que require un esforzo inversor de aproximadamente 211.000 euros e que é unha alternativa na que este goberno está traballando e xa foi plantexada a administracións como a Deputación Provincial. A solución pola que se optou finalmente foi a conexión da rede existente en Bentraces á de Loiro a través do depósito que era usado pola veciñanza para abastecerse. Previamente e debido ós altos niveis de arsénico detectados no pozo de captación de Loiro, foi necesario deixar este fóra de servizo. Baleirouse e desinfectouse este depósito de auga e foise introducindo na rede a auga procedente de Bentraces. Hai que ter en conta que xa en xuño de 2014 o anterior goberno realizou unha obra de emerxencia para conectar as redes de Bentraces coa de Loiro, obra que foi entregada en abril de 2015, pero que non foi operativa ata meses despois. Seguindo un pouco co repaso deste proceso de municipalización, dicir que en maio de 2014 fanse 3 analíticas que determinaron que a auga non é apta para o consumo, como así o indican os resultados das análises que se reciben o 10 de xuño. Ao longo do mes de xuño de 2015 baléirase e desinfectase o depósito de auga de Loiro e vaise introducindo na rede de distribución a auga procedente de Bentraces, un proceso de descontaminación que foi lento. A auga de distinta procedencia misturouse coa existente e a redución da concentración de arsénico en depósito e rede foise reducindo paulatinamente. O bombeo púxose en marcha o 21 de xullo de 2015. E ata 28 de agosto dese mesmo ano non se acadou os valores



de arsénico admitidos, pero para levantar as restricións no consumo foi necesario que o conxunto do abastecemento tanto a rede coma o depósito cumprira cos límites establecidos. E xa finalmente a principios de setembro todos lembramos que se conseguiron os valores axeitados para considerar que a auga era apta para o consumo humano e retiráronse os bandos, comezando a poboación de Loiro a consumir auga subministrada pola concesionaria da rede de abastecemento, auga potable e lista para o consumo. Na actualidade e segundo unha memoria realizada por Viaqua que moitos de vostedes coñecen pero outros non, actualmente contabilízanse 155 conexións á rede, das cales 71 non teñen contador e as outras 81 si o teñen instalado. A partir de que se efective o proceso de municipalización, é dicir, cando sexa aprobado polo Consello da Xunta, todos aqueles aboados que queiran continuar co servizo regularizarán a situación da súa acometida e instalación, comezando por unha cuestión básica: o rexistro do consumo de auga. Para a adecuación das instalacións é necesario que a acometida teña unha chave de toma ou collarín de toma de carga, un tubo de acometida que enlace a chave de toma coa chave de corte xeral e unha chave de corte no exterior da propiedade. Hai que ter en conta que todos os usuarios e todas as usuarias que non cumpren con estes requisitos mínimos, deben axeitar as súas instalacións se desexan continuar co servizo de auga.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón, de Compromiso por Barbadás, Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Estamos de acordo co trámite que vamos a efectuar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Dicir que estamos de acordo que é algo que hai que facer é que xa está bastante ben explicado en todas as reunións que tivemos o que si me gustaría no futuro era se se puidera o tema da rede de sumidoiro, como sabedes está mal e a ver se podemos sacar orzamento para arranxar iso porque claro unha cousa é ter auga potable e agora toca facer o outro entón en canto isto de acordo e en canto o outro a ver se facemos algo entre todos e podemos cambiar aínda que sexa por fases a rede de sumidoiro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: É certo todo o que acaba de contar e agradézolle a explicación pormenorizada da nosa compañeira Victoria Morenza. Vamos a ver este procedemento é un tems que xa levamos dende hai moito tempo atrás que foi moi demandado por todos os veciños pola propia



asociación, entón nada, estamos totalmente a favor, o que si me gustaría é que temas deste tipo aínda que non se teña a obriga de facer unha publicación de que toda esta memoria estaba publicada nos taboleiros de anuncios que se poida, poder, pódese, vamos a ver non é obrigatorio pero si nos gustaría que estas comunicacións se puideran colgar nos boletíns da provincia, para recordarlle aínda que xa as propias asociacións o comunican ó pobo para que saiban que está colgada a memoria e facilitarlle o acceso á información a todos os veciños e veciñas. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Non sei se fai falta o segundo, ten vostede a segunda quenda de palabra.

A sra. Morenza toma a palabra: Para contestar non sei se requirirei a intervención da señora Secretaria, non sei se se podería colgar esta memoria na páxina web porque ten datos catastrais, non sei si sería posible, por iso creo que, é algo que está pedindo o Partido Popular, publicala, no Boletín Oficial da Provincia, unha reseña. Só dicir ó fío desta municipalización dicir que o consumo de auga unha vez que se levantaron as restricións foi desmesurado, e quería facer unha reflexión é que todos os representantes públicos hoxe aquí presentes, sexamos conscientes e saibámolo transmitir á cidadanía o consumo desmesurado, hai que lembrar que durante este tempo o Concello está subministrando gratuíta á veciñanza de Loiro, pagada con cargo as arcas municipais, entón temos que reflexionar todos sobre este tema. Temos que ter en conta tamén que o custo por trimestre para as arcas públicas ronda os 6.000 euros, por trimestre. O consumo mensual é de 3.000 metros cúbicos ó mes (3 millóns de litros), é unha verdadeira barbaridade, e a campaña de concienciación, aclarar que a campaña de concienciación feita dende o Concello para evitar posibles abusos consistiu na edición de bandos apelando ao consumo responsable, que se incidíuse en que a auga era exclusivamente para o consumo humano co obxecto de concienciar e disuadir á poboación de usos para regos, ou para encher piscinas, algo que en parte conseguíuse en parte non se conseguir. Pero os datos son así de apabullantes. De aí esta chamada á reflexión tanto de cidadáns como de representantes políticos polo custe que isto vai supoñer.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** por unanimidade o seguinte acordo:

“Municipalización da auga de Loiro”

4- APROBACIÓN INICIAL DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A COMPRA DE MATERIAL A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES



CULTURAI S EN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO EIDO DA CULTURA NO ANO 2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aprobación inicial da convocatoria para a concesión de subvencións para a compra de material a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2016. Ten a palabra a señora Ánxela.

A sra. González toma a palabra (BNG): Boas tardes a todos e a todas. Traemos a consideración do Pleno unha segunda liña de subvencións para asociacións culturais do Concello de Barbadás. Trátase dunha subvención pública mediante o procedemento de concorrencia competitiva o cal permite que os concursos públicos se distribúan entre as distintas asociacións con criterios obxectivos o que favorece a transparencia ademais de garantir o fin para o que se destina. Por outra banda deste xeito cumprimos a norma xeral que sinala a lexislación vixente. Esta subvencións convócase en concepto de gastos de material para que se desenvolvan actividades no eido cultural e subvencionaranse gastos para o fomento da lectura, a música ou a lingua gal, para o investimento en iluminación, son, escenografía ou vestiario ou equipamento xeral. Consígnase unha partida orzamentaria que conta neste momento con 4.550 € e achega máxima da subvención é de 1.500 € subvencionando como máximo un 80% do máximo. Xorde como consecuencia de que nesta partida outorgouse unha parte do orzamento previsto na anterior convocatoria e consideramos que todo o orzamento debe recaer nos fins inicialmente propostos, neste caso nas asociacións culturais do Concello de Barbadás, é dicir, no asociacionismo. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós pensamos que se sobrou diñeiro das asociacións das anteriores partidas de subvencións que como ben despois máis adiante na partida de 4.000 € para subvencionar un certame cultural tamén, pois habería cartos logo para subvencionar ese certame. Tamén queremos incidir en que no seu día cando foi o tema das subvencións as asociacións culturais e veciñais e a polémica que xurdiu con todo o que se informou ás asociacións e todo iso, dende o goberno sempre se dixo que non se aceptaba nos criterios a compra de material, agora hai un cambio de criterio e como sobrou diñeiro parece que esas asociacións o piden, loxicamente como nós defendemos no seu día, que era normal que tiveran que comprar material non só facer actos culturais ou como se pretendía nos baremos, nos criterios de baremación, agora cámbiase ese criterio, entón non entendemos a maneira que se está actuando e tampouco hai diálogo por parte do goberno, entón parécenos que por un lado agora sobran cartos e vámosllos a dar en comprar material, porque precisan material non só fan



actividades culturais, o que nós dicíamos hai uns meses, pero a continuación sacamos cartos doutras partidas para facer un festival que nos parece ben, pero que críamos que debería ir na partida de cultura xa que ten diñeiro. Nada, así de principio a nosa reflexión sobre este tema

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu o que di Ramón é certo, unha cousa se hai, se temos diñeiro sobran por que non se destina ese diñeiro ou sexa, o curso de rock que van a facer que vale 4.000 €, con que finalidade non se destina a iso, e por outro lado se sobrou un diñeiro é porque as asociacións non o pediron, ou non cumpriron os requisitos que se lle pide para telo, está claro, entón como explicou o outro día Ánxela había dúas formas, ou ben gardalo, ou ben volver a ampliar para que eles poidan pedir para material, eu non vexo problema de que se lle poida dar agora para material, non encontro inconvinte ningún, o que si me gustaría que me explicades iso, habendo diñeiro se quita doutro lado para ese festival de rock. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Unha vez máis, tarde, mal e nunca. Cando o grupo de goberno trouxo aquí xa non só a convocatoria de subvencións para as asociacións culturais senón tamén xa para as asociacións de veciños, o señor Ramón Padrón sabe ben a loita que tivemos, a cantidades de reunións que houbo coas asociacións e todo o que eles nos reclamaban, que por certo todas esas negacións e reclamacións trouxémolas aquí e unha delas era esta, tanto para as asociacións culturais, como para as asociacións de veciños que puideran entrar nesa convocatoria os gastos de material, e simplemente foi de palabra, vós pedide o material que se vos da, pero o que foi na ordenanza na convocatoria non se preveu, que facemos agora?, como sobran cartos volvemos a meter ás asociacións culturais no traballo de presentar unha nova solicitude, facer memorias, presentar documentación, e demais, cando isto xa se puido ter evitado, entón nós dende logo isto así non o imos a votar a favor dende logo, e o que si imos reclamar que o mesmo que se fai as asociacións culturais e así llo transmitiremos ás de veciños no caso de que sobren cartos se faga tamén unha ordenanza específica para a compra de material. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Ánxela Cid, Ánxela González, perdón.

A sra. González toma a palabra: Coa chegada ó goberno realmente non tiñamos claro desde o punto de vista do asociacionismo que asociacións estaban realizando actividades culturais e cales non. Unha



por iso a primeira razón pola que se outros criterios de valoración que aparecían na primeira ordenanza eran a calidade e a cantidade das actividades culturais a cantidade de persoas que participaban a repercusión territorial que tiñan e incluso social de distintos colectivos, a promoción de igualdade entre homes e mulleres e a posta en valor da nosa cultura e así garantimos por un lado os fins das asociacións culturais e por outro lado premiábase ás asociacións culturais que efectivamente facían cultural de aí a concorrència competitiva aparte de ser algo legal, dado que anteriormente o Partido Popular outorgaba subvencións ás asociacións culturais sen comprobar claramente que tipos de actividades realizaban, e isto demostrábase dende o momento en que sobre 8 asociacións culturais se presentan exclusivamente 3, en base ás actividades culturais que realizan no Concello que son as que realmente se están realizando, despois haberá outras que as realizan pero que reciben subvencións a través da Deputación ou doutros organismo e que deciden presentarse ás da Deputación, de feito case non se deu publicidade, co cal eu penso que o Concello nese sentido as asociacións culturais que traballan pola cultura saen gañando, iso por un lado, por outro lado dende o momento en que se reserva un orzamento para o asociacionismo cultural e resérvase en base ás asociacións que en principio estaban rexistradas no Concello, ó presentarse só 3 e haber un tope máximo, evidentemente pois sobra a metade de diñeiro, sobra a metade do diñeiro polas que se presentaron. As anteriores eran nominativas, as nominativas son a maneira arbitraria de dar as subvencións non se aplican criterios previos o que implica que cada quen xustifique o que queira. Nese caso igual pedían que non, igual piden que non xustifiquen as subvencións porque tamén é algo incómodo, vostedes de xeito reiterado falan dos papeis, e atopeime con asociacións culturais que están formadas por persoas maiores e que non tiveron en ningún momento ningún tipo de problema para cubrir eses papeis, se nalgún momento xurdiu algunha dúbida foi solucionada polos traballadores e traballadoras da Casa da Cultura e eu mesma lles expliquei todas as dúbidas que lle foron xurdindo cando mas presentaron. En canto ó diñeiro sobrante que se destina de novas asociacións culturais porque así está orzamentado para destinar ás asociacións culturais, o festival rock está organizado por unha asociación que a día de hoxe aínda non está rexistrada no Concello, co cal naquel momento non puido presentarse, non puido participar en concorrència competitiva, entón a través de turismo vai a participar porque ademais dentro da programación cultural non estaba prevista a realización deste festival rock e se prevé posteriormente a través da área de turismo. En canto tarde mal e nunca non señor Manuel, é dicir, as cousas son como son, unha vez isto ocorre inmediatamente se pon en marcha unha segunda liña de subvencións, a opción alternativa era deixala para o remanente de tesourería. Moitas grazas.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Mire eu son moitas cousas non vou dar contestado a todas. Vostede di unha cousa que é certa, as subvencións nominativas facíanse mal, pero a subvención nominativa se se fai ben é xusta e é equitativa e se traen os xustificantes das actividades que se fan e totalmente legal igual ca de concorrència competitiva, nunha cousa ten razón as que se facían anteriormente era discrecionais, ou sexa, facíanse mal, porque a unhas asociacións dábaselle máis a outras dábaselle menos, aínda que fora legal o procedemento da concesión da subvención nominativa o que se facía mal e inxustamente era que a unha dábaselle máis a outras dábaselle menos e nada máis, iso era o que pasaba. Tamén ten razón que hai asociacións que non pediron a subvención do Concello porque efectivamente están recibindo da Deputación que segue facendo como o anterior goberno que había aquí, que da as subvencións tamén discrecionalmente a unhas máis a outras menos nominativamente que aínda que son legais dálle máis a uns e a outros menos, entón as asociacións deste Concello que reciben máis diñeiro ó mellor dunha subvención da Deputación que o que poidan recibir do Concello, está claro, entón xa non piden a subvención do Concello por iso nos sobran cartos. Logo diso quérolle dicir tamén que nós naquel momento dixémoslle, votamos en contra e dixemos o que ía pasar que ía sobrar diñeiro porque hai asociacións que unhas porque recibían máis diñeiro doutras administracións non a ían a pedir, e outras que porque son xente maior porque vostede, non sei o sabe vostede pero hai algunha asociación sobre todo de veciños que non a pediu porque non quería meterse xa en papeleos e máis historias entón aí está os cuartos. Di vostede que non sabía nada pero como vai a saber a algo e isto é un Concello de 9 ou 3 asociacións que isto non é Ourense xa llo dixen no seu día que se se fai nominativamente para novas asociacións que hai é perfectamente pódese facer perfectamente xustamente controlarlle perfectamente en que gastan o diñeiro sen andar con concorrència competitiva pero non, di que non sabe nada, claro como vai a saber porque como non andan a carón da xente non saben e non coñecen quen levan as asociacións quen non as levas o que fan e o que non fan, pois hai que andar máis e preto da xente coñecer á xente e entón xa non cometemos estes erros. Que máis, pois nós avisamos disto agora ven que sobra diñeiro por unhas causas que vostede ten razón e por outras que nós tivemos razón no seu día. Sobra diñeiro pois vamos a organizar un acto cultural haberá que mandar ese diñeiro ó acto cultural e non me diga que non está orzamentado porque os cartos pódense orzamentar precisamente, vostede non sabe que esa asociación xa está creada, téñeno que dicir o seu compañeiro que xa está creada, e entón non teño máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Despois se tal en rogos e preguntas seguimos cas



preguntas que correspondan. Señora Fina Varelas, por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: Pois eu hai unha cousa que non entendo, tanto debate para unha cousa tan sinxela, cando unha persoa ten un negocio e vai pedir unha subvención ten que ter uns requisitos e ten que entregar uns papeis, ninguén vai a pedir unha subvención e nola dan a dedo, entón isto é coma outra cousa calquera, porque mire o diñeiro é de todos, falo en xeral, non é o mesmo, non é o mesmo aquí ata agora non é o mesmo voulle explicar, non me interrompa, non é o mesmo porque ata agora aquí uns había asociacións que non facían nada e levaban diñeiro, punto, e iso é o que non se pode, o que non se pode, non faga así coa cabeza porque, vale, vamos a ver, o que non se pode é dar diñeiro de todos, eu non estou de acordo con asociacións que non facían nada, que estiveran cobrando diñeiro, entón se hai unhas bases, se hai uns requisitos a persoa que as cumpra vai recibir o diñeiro, tan sinxelo coma iso, sobrou diñeiro pois que se presenten, que presenten máis solicitudes, máis e daráselles ata onde se poda agora facer as cousas ben e protestar por facelas ben eu non estou de acordo e penso apoiar esta medida como a outra vez non puideron votar porque estiven ausente no Pleno por enfermidade, esta vez penso votar a favor porque me parece unha das medidas máis razoables que hai. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: A min sorpréndeme de verdade o que hoxe está acontecendo no tocante a esta proposta de ordenanza. Vamos a ver aquí, xa estamos acostumado xa non hai que ir máis alá, cando se fai algo mal igual que os nenos, eu non fun, foi fulanito, vamos a ver hai que ser responsables levamos xa case dous anos de lexislatura hai que ser un pouco coherentes con isto. Nós dixémolo varias veces por activa e por pasiva. Trouxemos as alegacións, falamos coas asociacións outros grupos non falamos cas asociacións e si votaron vía was porque non sabían naquel momento porque non sabían que dicir, iso tamén cómpre dicilo, entón nós o que queremos é que cando se fai unha cousa destas sobre todo cando se está tocando temas dos veciños polo menos se fale con eles e se traian aquí as súas alegacións e as súas propostas e dende logo que se teñan en conta nós isto así pois dende logo non o vamos votar a favor. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois moitas grazas. Votos a favor, abstencións, votos en contra. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana, as abstencións do PP e os votos en contra do Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da convocatoria para a concesión de subvencións para a compra de**



material a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2016”

5- TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 8/2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto é a transferencia de crédito 8/2016. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois como todas as transferencias de crédito trátase de pasar cantidades de partidas orzamentarias de diferentes capítulos por iso é necesaria a transferencia de crédito senón non sería necesario dentro do mesmo capítulo de gasto dunhas partidas que entendemos que non van ser necesarias que estaban orzamentadas a inicio de ano e entendemos que non se van a executar durante o ano 2016 e aplicar esas cantidades a outros gastos que superaron as partidas inicialmente previstas a inicio de ano, neste caso trátase de información e promoción turística, traballos realizados por outras empresas con un valor de 15.000 €, detrásese iso das partidas que figuran no expediente elaborado polo servizo de intervención e pásase a esta partida co fin de aplicar basicamente en dúas cuestións, unha obra no museo da gaita de fole que vai ser como se vai chamar no futuro cando se abra, e para a execución de obras de asentamento, mellora e consolidación e pintura do mural dese museo por valor de 11.000 € e unha subvención nominativa si, hai que dicilo que para iso existen e para iso son legais con carácter excepcional, quero repetir isto, con carácter excepcional, porque se convertinos o nominativo en ordinario estamos, estoullo dicindo a todo o mundo que senta nesta sala, e con carácter excepcional porque se convertemos o nominativo en ordinario estaremos facendo dando diñeiro público sen cuestións de xustiza, estaríamos facendo un reparto do diñeiro público non en base a xustiza social a criterios obxectivos, senón a criterios subxectivos, é dicir, volveríamos a caciquear co diñeiro público, eu lle daría a subvención nominativa a quen petase, e o resto de concelleiros e concelleiras poderían facer exactamente o mesmo, as subvencións nominativas dánse a dedo, a dedo, esta subvención nominativa que é con carácter excepcional, extraordinario dáse porque a Concellería de promoción económica e turismo considera que é bo dala, pero dáse a dedo, para iso está recollido na lexislación no artigo 7 da Lei de subvencións de Galicia, para estes casos porque considero que é necesario porque é un festival de rock and roll en Barbadás hai moita mocidade, hai máis de 2.500 nenos e nenas en idade digamos que poden disfrutar dun concerto de rock and roll, Barbadás non ten concertos de rock and roll, de xente nova que promociione este Concello tamén turisticamente pero tamén dunha cuestión de promoción



económica para en beneficio da hostalería deste Concello que supoño que van a quedar moi contentos coa realización deste festival como cando hai unha festa e en todo caso, este vai ser o primeiro ano eu espero que teña continuidade no tempo é unha asociación a que organiza este festival, e efectivamente rexistrouse pois hai cousa de cinco ou seis días, hoxe está rexistrada, hai cinco días non estaba rexistrada ou seis días creo que foi a semana pasada, un día da semana pasada, cando se rexistrou oficialmente neste Concello non sei se hai 5 días ó mellor hai 10, pois iso é a modificación de crédito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Mire, vaia por diante que estamos a favor do festival de rock, máis que ó mellor ninguén ou como mínimo igual que os que están aquí, vaia por diante que confiamos, como confiamos no seu momento cando aprobamos, cando demos a confianza para que un goberno tomara posesión deste Concello e se puxera a gobernar tamén demos a confianza cando se elaboraron uns presupostos, vaia por diante todo iso. Agora o museo da música confiamos tamén en que o poidamos poñer algunha vez en marcha xa que levamos gastado entre os 600.000 € que valeu iso e diñeiro, e diñeiro, e diñeiro, todo o que se leva gastado aí e o que aínda vamos gastar e o que estamos gastamos 600.000 € valeu a obra, estaba o letreiro, o que puña o letreiro, se valeu máis, igual que outras cousas pero eu guíome do que puña o letreiro, entón e agora xa pasamos e tal somos escépticos xa o dixemos no seu momento de que isto vaia a funcionar porque a idea xa empezou mal, a idea podemos facer cábalas porque se fixo aí iso pero vámolos a deixar non vai a funcionar, para nós somos escépticos pero confiamos porque demos unha confianza nun goberno en que ese investimento pois algún día dea o seus réditos coma nós confiamos noutros investimentos que este goberno asumiu que se debían realizar que nós pensamos que dean o seu beneficio. Quede por diante todo iso. Agora, isto xa ven do de antes 4.500 € en cultura e entón non nos damos para o festival de rock, non, collemos 10.000 € de educación, cando se poderían eses 10.000 € agora que empeza o colexio dar subvencións para a compra de material escolar, non o facemos, sacámolo de cultura, collemos 3.000 € de parques e xardíns tamén hai bambáns polo Concello que están que non se poden tirar os nenos por eles, pero sacámolslle 3.000 € a parques e xardíns e logo 2.000 € de seguridade que non sei aí xa me perdo, xa nos perdemos un pouco se serían máis necesarios aí ou non, pero o feito está que a intervención que tivo antes a señora de Democracia Ourensana do tema da subvención nominativa isto é unha subvención nominativa e volvemos a dicir que dicir que si, que nós estamos de acordo ca preferencia sexan as de concorrencia competitiva pero hai aspectos na vida municipal sobre todo nun Concello pequeno que é preferible dar a subvención nominativa e volvo a repetir porque parece que aquí non o



entende ninguén, se hai novas asociacións, as novas asociacións traballan sabemos todos perfectamente que traballan, fan as mesmas actividades máis ou menos dálle vostede unha subvención nominativa a todas por igual iso é xusto, é legal, e é sinxelo, pero oia que ó mellor dentro de 5 ou 10 anos temos 30 asociacións aquí xa non hai quen controle todo este asociacionismo entón pois ó mellor temos que xa miralo mellor porque ó mellor quérenos algunha asociación colar o pato, pero señora de Democracia Ourensana para pedir unha subvención nominativa teñen que concederlle ó goberno pero vostede ten que cubrir un montón de papeis tamén, ten que vir ó Concello cos xustificantes coa factura de pago e aquí coñecémonos todos e vaise saber se esa asociación traballa ou non traballa, que pasaba antes polo din eles efectivamente moitas, algunhas asociacións recibían así creadas de tal, recibían diñeiro e non facían nada, entón claro aí é onde se vicia o problema pero de partida non é, non é inxusto nin é nada malo, a ver se me entende. Eu creo que quedou claro a nosa postura entón non entendemos que habendo diñeiro en partidas onde efectivamente fixemos uns presupostos que nós apoiamos agora xa digo en educación fai falta o diñeiro. E nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: A señora Secretaria pediu aclarar unha cuestión.

A sra. Secretaria toma a palabra: Soamente aclarar unha cuestión, a subvención é un pago ex post, é dicir, se paga a posteriori da realización da actividade de fomento para a cal se concede, entón, non é certo en ningún caso a afirmación de que se pagara diñeiro a asociacións que non fixeron nada, sempre tiñan que facer algo presentar as súas facturas porque en caso contrario intervención repararía e denegaría o pago. Nada máis, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Dicirlle ó señor Padrón que eu estou moi convencida do que votei e sei porque votei e non vou cambiar o meu parecer por moitas explicacións que vostede me diga ou que me lance aquí o compañeiro do PP, porque ultimamente ten un pouco de morro porque xa van tres que teño gardadas que sigan así que entón eu podo empezar a mirar para atrás e eu, non política, si, si, pero estou falando de política, pero é que me está interrompendo e estou falando de política, se a miña compañeira votou porque me consultou tería o seu motivo, vostede non se ten porque meter se mandou un whatsapp, se me mandou 20 whatsapp, ou 40.000 whatsapp, igual que o tema de Loiro que ó parecer vendín o meu voto polo meu camiño, mire estou moi farta de insinuacións burdas e non vou consentir unha nin unha máis, de ningún partido política, e ultimamente desta banda teñen vido moita merda e xa me estou cansando, é unha advertencia que fago aquí que non a ía dicir, non a ía dicir, porque ignorar é o mellor, pero chega un momento que das ignorado, tres seguidas, non, contéñanse,



isto é política, pero teñan ética, e eu voto o que quero, e se eu me parece que como está feito así está ben para min, pois vai estar ben para min, critíquenme ou digan o que queiran. A todo isto, vamos a esta moción, a este punto, que non ten nada que ver coas asociacións, eu quería facerlle unha pregunta ó señor Tenente Alcalde e é a seguinte, aquí pídese diñeiro para a Casa da música que está aí que foi unha obra feita polo o PP non sei para que, non sei para que, porque non a fixo o goberno actual, esta obra ven de atrás, entón non critiquen moito e miren porque non se utilizou ben e quería saber que ó parecer chove dentro, entón dentro destas obras non vai nada da arranxo de tellado entón eu a miña pregunta é a seguinte, normalmente cando hai unha obra, a obra principal dunha casa ou dun edificio é o tellado porque ó mellor podemos arranxar, gastar diñeiro en cousas máis superficiais digo eu, entón por que non se arranxa primeiro o tellado e despois xa se van arranxando as outras cousas, a ver se me pode dar a explicación. En canto ó tema dos 4.000 € quedoume claro, a asociación esta constituíse fai unha semana, entón non puido entrar na concorrência. Simplemente iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas, ó público que nos acompaña hoxe. Só un inciso que agora teño oportunidade, agradecer a toda a Corporación a preocupación que tiveron cara a miña persoa, e agradececelo, só quero que quede constancia iso, ó fin e o cabo todos somos persoas, pero cando ás veces as persoas non o somos pasan estas cousas, Fina eu vouche dicir unha cousa aquí estamos facendo política, pero ás veces a ética hai que tela en todos os aspectos da vida, e vouche a ler algo que ti dixeches e que iso realmente é o que ti dixeches non te vou dicir, está reflectido en acta, “pois voulle dicir, eu non entro á miña casa porque a señora Victoria xa ven prometendo a miña obra, terei que ser algún día ser Alcaldesa para asfaltar o camiño da miña casa, estou convencida, voulle dicir unha cousa por non repetir, metinme na política polo camiño da miña casa, así o digo porque me estiveron tomando o pelo, pero agora case me están obrigando a ser un día alcaldesa”, estas palabras foron, as ameazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina por favor chamo á orde deixe que interveña.

A sra. Vispo toma a palabra: Cando se din as verdades doen

O sr. Alcalde toma a palabra: Un inciso señora Chelo Vispo, vostede ten unha segunda quenda de intervención responda nese momento, por favor. Como dixemos en outras ocasións a quenda de palabra cada un que faga o uso do tempo conforme lle pareza, cinguíndose o máis posible ó asunto, pero despois ten quenda de réplica a señora, ou ten unha segunda intervención a señora Fina Varelas. Grazas.



A sra. Vispo toma a palabra: Moi duro é escoitar cando o partido, volver atrás cando o Partido Popular daba as subvencións segundo vostedes a dedo, a dedo non hai nada e díxoo a señora Secretaria hoxe moi ben dito, aquí había uns técnicos que había que xustificar nas asociacións tanto veciñais como culturais todo o que facían para darlles ese diñeiro, porque entón todos estaríamos incorrendo nalgunha palabra que non vou dicir, e aquí todo se fixo legalmente, se vostedes teñen algunha proba dalgunha asociación que non xustificou e que cobrou tráiano, ou léveno onde teñan que levalo porque xa estamos fartos de oír o Partido Popular fixo, entón cando doen as cousas se solta tamén o que lle doe ós demais, iso é o que estamos facendo, pero vou ó importante, señores do BNG, antes de que estivera constituída esta asociación xa se intentou arranxar esta subvención dos 4.000 € que quede constancia de que o Partido Popular non ten nada en contra deste concerto de rock, porque estamos a favor da cultura, pero o que si é certo como lle chama vostede a isto, a dedo, isto chámase a dedo, a dedo, que é mellor o dedo seu ou o dedo do Partido Popular, o dedo do BNG, o dedo do PSOE e do BNG deste bipartito, ou do Partido Popular, iso é o que quería saber, cal é mellor, se o seu ou o noso, e non digan que non estaban, as nominativas todas teñen que xustificar uns papeis que se cubriron no seu momento e se axudaban tamén ós veciños a cubrila señora Ánxela, e voulle dicir unha cousa, sabe por que sobrou diñeiro, non porque a Deputación lle dea diñeiro a esas asociacións que si llo da porque é máis fácil cubrir eses papeis da Deputación que cubrir os do Concello de Barbadás, moita xente maior, moita xente maior da que vostede di, e como ben dixó o meu compañeiro antes o señor Padrón desistiron de pedir esas subvencións, por iso lle sobra ese diñeiro, pero soamente fai falta ver de onde se sacan as partidas para que algúns o vexan ese diñeiro, as partidas se sacan que casualidade, que casualidade de partidas que manexa neste caso Concelleiros do Partido Socialista que como ben dixó o señor Padrón antes se necesitan para educación, e por que non en cultura se lle deron eses 4.000 € a esa asociación que tamén lla puido dar vostede nominativa, aínda que se creara agora, vamos a estar de acordo, por que non se sacan de cultura, e se lle sacan a outras partidas que agora mesmo estaban levando Concelleiros do PSOE, estarán contentos ou algo teñen que facer, non o sei, os texemanexes que se traen vostedes, PSOE e BNG, nin nos importan, pero o que si estamos vendo que parques e xardíns que isto é unha vergonza, é unha auténtica vergonza o que está pasando neste Concello e todo o mundo na rúa fálao, e teñen a pouca vergonza porque si o imos sacar, sacar diñeiro de parques e xardíns, e da Concellería de educación, olé por vostedes, é que unha marabilla, este Concello cada día vai mellor, vai mellor, é que xa non temos, están facendo o traballo vostedes sós. Vamos a ver, burocracia e improvisación, é o que se está facendo ultimamente neste Concello, a



ordenanza de incendios despois, vostede dicíame antes, vou a ir ós incendios, nós tiñamos a normativa da Xunta, en todo momento tivemos brigadas aquí, e vostedes non mintan cando digan que a brigada de Barbadás non ía apagar a Amoeiro, claro que ía, igual que vai Protección Civil de Barbadás, pero que están dicindo se non saben nin o que había, agora dinme, ou sexa, vostedes da auga de Loiro, da auga de Loiro que o que provocaron foi os veciños ir contra nós e a señora Morenza nos di que temos que prestar axuda ós políticos para que a veciñanza estea en calma, pero vamos a ver se vostedes no seu momento crearon reunións cos veciños de Loiro para provocar cando estaba gobernando o Partido, non poña cara señora Morenza por Deus, isto é demagogia pura e dura, isto é como funciona este goberno, o que vostedes antes fixeron reivindicacións, reivindicacións, e as nominativas pero vamos a ver, se hai asociacións veciñais que lle están dando e culturais nominativas, e me está dicindo o señor Fírvida que esta é excepcional, home por favor, esta é excepcional, e todas as demais nominativas tamén son excepcionais, é que vamos a ver, vostedes mesmos se contradín. Nada máis

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Vamos a ver, despois desta emenda totalidade que nos presenta a señora Consuelo Vispo, vamos ir por partes porque a moción é para o que é. Primeiro cultura, cultura tiña unha partida orzamentada a primeiro de ano que tiña previsto un gasto para executar un gasto, era un orzamento inicial que estaba orzamentado dende decembro do ano 2015 e a Concellería de cultura ten establecido unhas prioridades e uns conceptos en que se vai gastar ese orzamento co cal é, orzamento ordinario orzamentado a inicio do ano 2016, departamento de cultura, isto é unha cousa diferente isto é turismo e promoción económica, é algo que non estaba orzamentado por iso é necesario facer esta transferencia. Segundo isto xurdiu hai uns meses, unha xente nova deste Concello me propoñen un proxecto que é facer un concerto de rock and roll como se fai en moitos concellos deste País, en moitos, en concellos máis grandes, en concellos máis pequenos, en Arzúa, en Cariño, en Lobios, en moitos concellos deste País, e eu entendo que é unha moi boa idea, unha moi boa proposta, e por iso decido colaborar activamente con esta asociación de mozos e de mozas para encamiñar este concerto de rock and roll que esperemos que o ano que ven teña moitas máis actividades apareladas. Outra cuestión, axudas de material escolar, saíu hoxe, está hoxe publicado na páxina web do Concello de Barbadás, está hoxe publicitado as axudas para material escolar, dicía a señora Consuelo Vispo detraer diñeiro de educación para facer isto, non estamos detraendo nada, porque resulta que a Deputación deu 12.000 € para actividades escolares co cal nos demos conta que o diñeiro orzamentado a inicio de ano nesa partida, ese diñeiro veu vía subvención da Deputación Provincial e



polo tanto o gasto previsto orzamentado e planificado nesa Concellería vaise manter exactamente igual, e non quita que ese diñeiro vaia pasar a remanente de tesourería como comentaba antes Ánxela senón que podemos utilizalo en outra actividade deste Concello que eu entendo que vai ser positivo para Barbadás, entendémolo nós, enténdeo este goberno, que ó mellor outras persoas considerarían que non é necesario facer ese festival, é diñeiro é por igual a todos, non é xusto, repartir diñeiro por igual a todo o mundo señor Moncho, señor Ramón, non é xusto, non é xusto darlle a todo o mundo a todas as asociacións diñeiro por igual, o diñeiro público se se fai en concorrencia competitiva pasa a ser un dereito da cidadanía que pode vir a unha oficina municipal desta casa, presentar un proxecto, presentar unhas facturas, presentar unha memoria de actividades, e ten acceso ó diñeiro público as subvencións nominativas que son as que figuran nos orzamentos antes de inicio de ano non precisan de ningunha esa tramitación a diferenza señora Consuelo que como explicou a Secretaria, Silvia, xustificábase o gasto, esa é a diferenza, en concorrencia competitiva xustifícase a adxudicación do diñeiro público, as nominativas xustificábase a execución do gasto, a execución do gasto, pero o diñeiro estaba adxudicado por un político directamente, se estae subvención se antes dixeran que era nominativa errei, non é nominativa, é unha subvención con carácter extraordinario, excepcional, e senón pregúntenlle á señora Interventora, as nominativas son as que están orzamentadas a inicio de ano nos orzamentos xerais do presuposto no orzamentos xerais do Concello de Barbadás, figuran así nos orzamentos, nominativas, esta vai ser unha subvención extraordinaria para unha fin única e diferente. Museo da música, primeiro, o Museo da música custou máis de 800.000 € algún día contaremos aquí por que viñeron 800.000 € de fondos europeos a Barbadás, e por que non foron a outro sitio se cadra tiña moito que ver coa Deputación, co INORDE, etc.. E remato, si, si tiña moito que ver con iso, senón abrimos o museo da música corremos o risco de ter que devolver os 800.00 € que se investiron nesa casa porque a fundación OLAF da Unión Europea está investigando todos aqueles concellos que fixeron investimentos públicos con fondos europeos, e que non os executaron para o fin para que foron constituídos teríamos que devolver 800.000 €, máis unha multa da Unión Europea, diñeiro do tellado, axuda da Deputación, axuda, unha axuda, unha subvención da Deputación por máis de 11.000 € para arranxar o ascensor, o tellado do ascensor, a planchada de arriba, unha bolsa de auga, as humidades da parede lateral e o interior, todo iso, está garantido senón nós non adicaríamos a arranxar un muro no patio, e como dicía vostede deixar a casa sen arranxar, e só por último, somos un goberno único, o que traemos aquí, traemos conxuntamente e defendemos conxuntamente, polo tanto utilizamos as partidas na que estas 8 persoas que participamos neste



gobierno consideramos prioritarias.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dado que se excede un pouco na intervención, ten vostede un minuto máis ou calquera de vostedes. Un minuto, non foi máis do que se excede, é o tempo que se excede, por favor señor Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu, faríame falta máis tempo por contestar. Mire vostedes son un goberno pero un goberno apoiado por outro grupo político que está na oposición que lle deu os votos, cunha porcentaxe de votos tanto e case como a tiveron vostedes, o que pasa é que por responsabilidade decidimos quedar na oposición. Enténdeo este goberno, vale, nós non o entendemos así, dixo moitas cousas a adxudicación do diñeiro público podemos claro que facían a adxudicación do diñeiro público, agora tamén se fai na concorrência competencia a adxudicación do diñeiro público tamén o fai un comité de valoración que está o concelleiro de quenda e dous elixidos polo Alcalde, a ver, se poñemos en dúbida moitas cousas, poñamos en dúbida, lembre vostede que nun comité de valoración incluíase a unha persoa dio así que se delega nunha persoa dun consello de participación veciñal, que foi votado por sete persoas e incluso mal, porque tiñan que votar todas as asociacións, entón por favor non me falen, a ver, erros hainos, eu non misturo, non misturo non, erros hainos en todos os lados, agora outra cousa é que as cousas se fagan con maldade ou non, ou sexa non con maldade senón. Vamos a ver, axudas a material escolar, si home si, claro que está o tema das axudas co material escolar aprobado si que xa o vin no xornal e todo, claro coma todos os anos, pero podemos dar máis cartos, en vez de dar menos podemos dar máis, igual que no tema da subvención a empresas podemos máis dos 20.000 € non é que dicir, a lei non nos di, non dean vostedes só iso, podemos dar máis, e eu aquí estamos de acordo co festival, coma estivemos de acordo que se fixera un obradoiro de música que custou sangue, suor e vágoas arrancar 3.000 € do goberno, sen embargo agora non pasa nada para sacar diñeiro dun sitio para outro rapidamente, pero, repito. Vamos a ver estamos de acordo co festival de rock e queremos que se faga, no que non estamos de acordo é nesta maneira de facer as cousas, e máxime xa digo o grupo que colaborou para que este goberno estea aquí, non vamos a dicir máis, o grupo que aprobou uns orzamentos agora veñen con estes cambios e non hai diálogo señores, non hai diálogo aquí a ninguén, a ninguén se dixo nada, entón nós vemos que saca diñeiro dunha partida de educación, que se damos unha axuda para comprar material escolar podemos dar moito máis sácase diñeiro doutra partida de parques e xardíns que tamén se necesita, porque xa digo a día de hoxe hai algún bambán no Concello por onde se tiran os nenos está roto, entón que queren que fagamos, díganllo ou sexa, isto non se pode, temos que votar en contra así de claro, e xa digo por unha



falta de diálogo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Vou aclarar un tema que me parece que aquí non, a xente non lee entre liñas, ou non quere entender, ou non quere ler, ou pensa que lle vale politicamente catro palabras. Vou explicar unha cousa que deu lugar a un mal entendido polo que vexo. Vamos a ver, eu dixen as palabras exactas que dixo a señora Chelo non as vou negar porque saíron da miña boca, pero vou dar a explicación, vamos a ver, quixen dicir que eu nunca quixen ser política, eu teño o meu negocio, do cal me sinto orgullosa e é a miña profesión, xurdiume oportunidade, grazas a un amigo propúxome e dixen por que non, porque se a min me putearon dende o Concello, porque eu sentinme unha veciña puteada polo PP, porque era goberno do PP, porque eu saquei unhas licenzas da miña casa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Perdón un inciso, creo que debería medir un pouco a terminoloxía

A sra. Varelas toma a palabra: Puteada, pero puteada, porque mire voulle dicir unha cousa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pídlle por favor que midamos un pouco a terminoloxía.

A sra. Varelas toma a palabra: Pois entón como lle vou explicar, a ver, sentinme burlada, defraudada, puiden denunciar nese momento ó goberno, sentinme desprezada, burlada por votos, si por votos, porque mire eu saquei unhas licenzas da miña casa, fixen un proxecto, saquei unhas licenzas e foron aprobadas polo PP, e fixen a miña casa, e resulta que cando estaba facendo a miña casa o camiño nunca se arranxou, a rede de sumidoiro tíveno que pagar eu, e tiven que pagar, auga non a teño, tiven que facer un pozo, entón díxenme eu, vamos a ver, se unha persoa de mundo que teño un negocio que sei falar, que vin ó Concello 20.000 veces falar co alcalde e prometíamo, si Fina voucho facer, si Fina voucho facer, pero é que hai algúns políticos tal, hai unha moza aquí, que por certo ven con ela, que foi Concelleira co PP que ela sabe o problema que tiven, que ela veu á miña casa porque andou conectando a rede de sumidoiro que levaba obras sabe o problema que tiven e dixen se eu sendo unha persoa de mundo me tratan así como será unha persoa sen recursos, unha persoa que non se sabe defender, pois si voume meter Concelleira, por que non, se podó axudar ós veciños que ó mellor ten que haber algún máis na miña situación, porque non os vou axudar, eu en ningún momento vendín, eu non apoiei ó goberno, para nada, estou na oposición, nunca vendín un voto para nada, eu si falei con Victoria, co señor Alcalde para saber cando se arranxa o camiño, porque me parece de xustiza 10 anos máis tarde que teña que entrar pois no inverno por barro, entón, cal é a miña sorpresa que os que tiñan que estar calados que son os do PP, porque saben en que se



escusan ós do PP, eu non era concelleiro nese momento, a min no me vale, vostedes son do PP, o goberno que houbo anterior, saben o meu caso, e enriba o meu veciño como que non vai saber o meu caso, entón vostedes tiñan que estar calados, no sentido non felicitar-me aquí como se eu conseguira unha odisea, eu non conseguín nada, hai tres casas por ese camiño, tres casas, e o meu obxectivo non é meterme en política para lucrarme porque eu cobro unha trapallada igual que vostedes, entende?, e se eu hoxe, se agora poderá volver atrás eu denunciaba ó goberno anterior porque os ía facer bailar, porque o que non poden dar é unhas licenzas e despois xa non darlle un camiño a unha persoa, entón teñan a pouca vergoña de non nomealo porque eu non os estou atacando, eu non fun a primeira que ataquei a ninguén, eu estou mirando para adiante igual que o outro día na Comisión Informativa a ver cando facemos o dos votos porque hai aquí unha persoa, que pasa estou embarazada, cantos Plenos teño faltado, a un Pleno, no que levamos de lexislatura, vostedes miren por vostedes que eu miro por min, pero pídlles por favor, que teñan respecto porque eu non lles estou faltando a ninguén ó respecto, son unha persoa, eu son unha persoa moi directa, moi franca e voto o que quero e se lles amola é problema seu, pero non ataquen persoalmente cando non teñen dereito a atacar, non abran as caixa de Pandora, e non é unha ameaza, é unha advertencia. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra supoño que a señora Chelo Vispo

A sra. Vispo toma a palabra: Advertencia, collémola o Partido Popular, pero en ningún momento se ti tiña, se vostede tiña a seguridade de que podía denunciar ó Partido Popular fixérao, o que se fixo, se fixo no seu momento e vostede estas palabras están en acta, a explicación que deu, pois haberá quen a crea e quen non, non estamos atacando persoalmente entenda que estamos en política, non estamos atacando persoalmente, estendo lendo unha acta onde vostede dixo unha serie de palabras nada máis, non vou a entrar en nada máis, pero tamén mida as súas palabras, cando vostede está dicindo que é o Partido Popular daba a dedo subvencións e non xustificadas, diga e mida as súas palabras, como dicindo outra, claro, pois entón para iso está o xulgado, vostede, non, non, vostede a nós, non nós, eu non teño que levala a vostede ó xulgado a nada, grazas a Deus, entende?, pero a ver se vostede tenta, non sei veracidade no que vostede está dicindo, igual que os demais. Entón, señor Fírvida, vamos a ver, sigo dicindo que o seu dedo é mellor que o do Partido Popular, dígame vostede como se, é que como se chama vou a insistir, como se chama dar unha subvención a unha asociación que aínda non estaba constituída, vostede Concelleiro e Tenente Alcalde deste Concello, deuna a dedo, como dicía vostede, nós en ningún momento a demos a dedo, que non estamos en contra dese concerto de rock, sigo dicindo, o que si que quede moi claro é que vou a seguir dicindo que hai asociacións



culturais e veciñais e o dixen antes pero por si non queda moi claro que recibiron subvencións nominativas que son legais, como se facía antes, e o que lles vou a dicir é, que hai moito despacho neste Concello, moito despacho, o que hai, e lle vou dar ó señor Padrón a razón de que hai que estar na rúa cos veciños, todo o que pasou coas asociacións culturais e veciñais é por non falar con eles, é por non falar con eles, nós si tivemos reunións, sabemos o que pasara, e vostedes “mutis por el forro”, o que fixeron foi aprobar unha ordenanza que logo hai que arranxar como todas as que sacan, hai que arranxar, hai que facer, se se fai unha de incendios despois, hai que volver a corrixir erros, vamos a ver, fagan as cousas ben, fagan as cousas ben, hai moito despacho estoullo dicindo, unha persoa que leva obras, ou que leva parques e xardíns ten que estar na rúa, e non se lle ve, non se lles ve, están nos despachos, pois nos seus despachos, nas súas mesas, chámennlle X, e sigo dicindo subvencións a dedo do grupo de goberno, BNG e Partido Socialista. Estou dicindo que existe, e téñeno que recoñecelo, agora sigan así nós o que estamos vendo é que isto é un desastre, sigo dicindo parques e xardíns como ben dicía o señor Padrón antes, educación, educación, cultura ten 60.000 € máis que tiña o Partido Popular, mire vostede que non poden facer moitas melloras en cultura, e sácanlle a educación que xa ten pouco diñeiro, ou ben como dicíamos antes a empresas, vostede cree que logo tocárame a min dicirlle 2.000 € para unha empresa, vostede sabe o que é crear unha empresa, unha persoa física, sabe os gastos que ten iso, eu si, eu si o sei, entón vostede cree que con 2.000 € a 10 empresas de aquí, estalle facendo vostede un “flaco favor”, claro que é unha axuda, e apoiámoslos, claro que é unha axuda, pero en vez de gastar diñeiro noutras cousas, en 200 e pico mil euros nunha hipotética casa da xuventude cando xa hai unha, sacar en arranxar o museo da música, que xa a Deputación démoslle unha serie de, a Deputación no seu momento como administración deulle un diñeiro para poder todas as deficiencias que tiña dentro, xa sabemos que non, pois vostedes viron que non é o diñeiro axeitado e tiveron que poñer máis, vostede cree que tal como está, onde se vai facer o mural, ese diñeiro que se vai a investir, vostede cree que vai a aguantar pola humidade que hai aí. Como dicía o señor Padrón nós vamos a apoiar que se abra ese museo pero tamén lle digo que aí había, hai unha persoa que executa, que fai unha acción de unhas gaitas que se están, que as fabrica, entón si hai unha actividade nese museo e vostedes o saben. Nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: O Alcalde pecha a intervención e vai contestar a certas cousas que dixo a señora Chelo Vispo. Vamos a ver, vostede está falando do excesivo gasto que ten o museo da música en relación a súa posta en marcha, pois este gasto representa o 5% como moito de todo o que custou o investimento que no seu día fixo o Partido Popular en instalar aí un museo, entre comillas.



Segundo, o menos do 5% porque van 30.000 € e gastáronse 800.000, iso non é nin o 5% estamos aquí nun debate sobre un 5% para poñelo en marcha, cando vostedes nunca conseguiron poñelo en marcha como museo da música, como museo da música, non como un artesanato para a fabricación de gaitas. Segunda cuestión, é certo que hai subvencións nominativas, pero a subvención nominativa que se está concedendo aquí neste momento son absolutamente xustificadas e de interese xeral, que a min me digan que un. Ben, por favor, outra cuestión, outra aclaración máis, para material escolar todos estes anos aínda ampliando no último ano en anteriores, pero no último ano ampliáronse os parámetros e os criterios para que máis xente e máis veciños e veciñas se puideran acoller a esta achega e non se esgotou, e non se esgotou a partida e finalmente, nas partidas, ou mellor dito nas subvencións de concorrencia competitiva hai que xustificar o diñeiro pero é que ademais hai que xustificar a actividade, esa é a diferenza fundamental, hai xustificar a actividade que sexa unha actividade de interese para a veciñanza, de interese xeral tamén, esa é diferenza fundamental entre concorrencia competitiva e a subvención nominativa e que ademais hai uns parámetros obxectivos para a valoración, non é máis, non é que ningunha sexa legal ou ilegal, as dúas son legais, aínda que a lei contempla que son o que deben utilizarse de forma ordinaria as de concorrencia competitiva pero é que a maiores as de concorrencia competitiva teñen uns criterios técnicos que se valoran e que valoran ademais o que é o proxecto en si a actividade en si.

Votos a favor da transferencia de crédito 8/2016, abstencións, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana e os votos en contra do PP e Grupo Mixto o seguinte acordo: “**Transferencia de crédito 8/2016**”

6- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA E CONVOCATORIA DO ANO 2016 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aprobación inicial da ordenanza reguladora e convocatoria do ano 2016 do programa de axudas municipais á creación de empresas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Esta é unha liña de subvencións en concorrencia competitiva para todas aquelas empresas que se instalen en Barbadás durante o ano 2016. A finalidade desta liña de subvencións é colaborar de maneira activa na xeración de emprego e a posta en marcha de novos proxectos empresariais. Os beneficiarios desta subvención van ser empresarios e empresarias



individuais e pequenas e medianas empresas segundo marca a lexislación vixente. Os requisitos para ter acceso a esta liña de axudas é que teñen que ter estas empresas ou estes traballadores autónomos o seu enderezo fiscal e social en Barbadás, e tamén o seu centro de traballo no noso Concello, teñen que ser propietarios, propietarias como mínimo do 33% do capital social desa sociedade, teñen que crear como mínimo un posto de traballo, un posto de traballo novo, é dicir, teñen que contratar, ou teñen que dar de alta a un desempregado, unha desempregada no RETA, no réxime especial de traballadores autónomos, ou outra modalidade de contratación laboral. Ten que ser váiselles pedir que sexan empresan que sexan viables técnica, económica e financeiramente, van ser empresas de nova creación, non deben ter débedas coa seguridade social como marca a lexislación, e deben ter licenza de actividade e estar dados de alta no IAE no noso Concello. Para financiar estes gastos que son gastos de posta en marcha de funcionamento as empresas contarán con un límite máximo de 2.000 €, pode parecer que é unha cantidade pequena para a posta en marcha dunha empresa, pero entendemos que unha empresa non se vai abrir única e exclusivamente pensando que o Concello de Barbadás lle vaia dar unha subvención, eu creo que unha empresa, un negocio se abre, se pon en marcha, porque ten viabilidade económica e técnica, ese é o obxectivo de abrir unha empresa, non podemos pensar que vamos a abrir un negocio para cobrar unha subvención municipal e a continuación pechala. En todo caso, concellos ben máis grandes que Ourense, como Lalín con dous parques industriais impresionantes, como Vigo unha capital, unha capital a cidade máis grande do noso País da subvencións de 2.000 € por empresa, Vigo e Lalín dan 2.000 € por empresa, pero vostedes cren que Barbadás está en condicións de dar, pois non sei canto esperaban vostedes que désemos, nós consideramos unha cantidade honrosa para o Concello, axudar ós emprendedores e ás emprendedoras do noso Concello cunha cantidade inicial de 2.000 € para a posta en marcha do seu negocio, é unha axuda municipal non vamos máis alá. Os gastos subvencionables figuran na propia ordenanza é unha lista pechada pero recolle dende compra de materias primas, gastos de marketing, páxinas web, gastos de constitución xurídicos, todo o que supón a apertura dun negocio e os criterios de avaliación como é en concorrencia competitiva e repito, todas as concorrencias competitivas a pesar de que teñen unha comisión de avaliación, igual que nesta que vai estar formada polo Concelleiro ou Concelleira no futuro de promoción económica, máis dous traballadores ou traballadoras técnicos do Concello de Barbadás, máis unha traballadora que figurará como secretaria desa comisión de valoración, é unha comisión de valoración pero os criterios de valoración tamén están taxativamente marcados na liña de subvencións, é dicir, esta comisión de baremación igual que no resto de concorrencia competitiva



teñen que someterse a uns criterios de avaliación non é subxectiva a subvención non é subxectiva porque haxa persoas concedendo esta subvención senón que teñen que xustificar en base a un baremo publicado e que se a publicar na resolución da subvención cal é en función de cada apartado cal é a puntuación que leva cada empresa, os apartados destes criterios de valoración teñen sobre todo connotacións socioeconómicas valórase a situación sociolaboral das persoas que acceden a este posto de traballo, se son máis dun posto de traballo valórase positivamente, tempo de antigüidade no paro, ou se forman parte de poboación en risco de exclusión social que están marcados na propia ordenanza, marca tamén que cantos máis postos de traballo maior puntos vai obter para ter máis diñeiro público, marca a antigüidade no desemprego e sobre todo tamén marca que estean empadroados no noso Concello, facendo varias estimacións de posibles aperturas de negocios dende un pequeno autónomo a unha empresa, unha pequena, mediana empresa que contratase unha, dúas persoas, menor de 30 anos, maior de 45, e facendo diferentes casuísticas a min me daba que as empresas sacaban unha media de 9, 10 puntos como mínimo, o que tería acceso a unha subvención de 1.800 € dos 1.000 € como mínimo. E na primeira intervención.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Repito e quero recalcar a falla de diálogo do goberno. Miren nós trouxemos esta moción no mes de febreiro para conceder subvencións, quero repetir que non se fale máis de subvencións e demais, eu xa o teño moi claro, eu, non siga dándolle voltas ó da subvencións nominativas e de concorrencia porque vamos. Nós trouxemos unha moción no mes de febreiro, esa moción ó principio estaba mal redactada porque poñía conceder bonificacións, pero na Comisión Informativa rectificamos, eu asesoreime coa Interventora e trouxemos a moción outra vez de volta, e dicía o que vostedes agora fan, conceder subvención a autónomos e empresas, incluso no debate no Pleno creo que xa en Comisión Informativa porque xa poñían reticencias a que iso non se podía facer, patatín, patatán, unha tolería ata que pensei que quedaba aquí de tonto, si se pode facer, incluso lles dixen que podíamos incluso modificar os acordos, porque claro nós poñíamos conceder subvencións a autónomos, empresas con domicilio social no Concello de ata 10 traballadores que contraten persoal indefinido empadroados no Concello, primeiro punto, segundo estas subvencións variarán en función do contrato e do colectivo da persoa desempregada contratada, situación en risco de exclusión social parados de longa duración, o que ven hoxe aquí, e así mesmo establecer axudas a emprendedores como pode ser subvencionando as cotas do autónomo durante os primeiros meses que si se pode facer tamén, díxosenos que non, e vostedes rexeitaron esta moción, incluso ofrecéndolle a posibilidade de



acordar un conxuntamente para, porque o importante era aprobala, non interesaba naquel momento, a ver eu, pódense pensar 40 cousas, naquel momento non interesaba pero agora interesa, non nos vamos a meter na cantidade da, dos 20.000 € porque é outro debate que é máis ou é menos está claro que o que inicia un traballo non, niso doulle a razón, o que inicia un traballo non é pensando na subvención que lle van a dar, pois senón apaga e vámonos. Eu xa lle digo llevo 20 anos de autónomo, e sei o que é iso se me puxen a traballar non foi polo que me deran porque non me deron absolutamente nada, púxenme a traballar co posto e a picar na pedra e saín adiante como puiden, entón está claro, o que si vimos entón claro estamos a favor pero xa digo non vamos estar a favor se nos febreiro xa trouxemos nós isto, ou sexa como non vamos estar a favor, pero, enterámonos si que se ía facer algo pero xa digo, falta de diálogo outra vez. O que si vemos unha para nós vamos, para nós, se debería cambiar no tema da ordenanza son nos criterios da avaliación. Miren vostedes estamos de acordo con todo, con todo os e coa puntuación que se lle dá menor de 35 anos, maiores de 45, mulleres, persoas con diversidade funcional, persoas pertencentes a colectivos en risco, persoas que cobrasen a súa prestación, persoas perceptoras de renda de integración social, e un longo etcétera, non aparece hoxe aquí o do IMPREN non sei por que, pero, agora si que lles fago unha pregunta, por que as axudas para todo o mundo, por que pensen vostedes nunha persoa de 35 anos home, persoa de 35 anos home, pai de familia, na que só traballara el e que estea cobrando o paro e queira emprender un negocio, e teña dous ou tres nenos ou catro ou cinco, non opta a axuda, só ten dous puntos, só está posibilitado a conseguir dous puntos, e senón mire vostede a ordenanza, estoulle dicindo unha persoa de 35 anos que houbera quedado no paro, pai de familia, que a súa muller non traballe pois porque, pois é a que se adicaba as labores domésticas polo tanto non tiña soldo nin nada, e estea cobrando o paro, que estea cobrando pero saben que o paro é, con 500, 600 €, 700 ó mellor teña dous ou tres fillos, por moitas axudas que teña é moi difícil saír adiante que se esa persoa intentara sacar o seu negocio adiante e só vai, con esta ordenanza só vai conseguir dous puntos. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Ramón Padrón . Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: eu estou de acordo con esta moción, o que si dixen cando foron os presupostos se lembrades, foi que 20.000 € non me parecía diñeiro suficiente para esta partida xa que o comercio, a industria é o motor dun concello e penso que é diñeiro moi insuficiente entón a ver se nos próximos presupostos que eu de feito abstivenme por varios puntos coma este, e que se o señor Padrón como ben di el aprobou, pois a ver si para o ano que ven temos máis orzamento para eles



porque penso que o que digo sempre a industria e o comercio é un motor moi importante e 20.000 € a min francamente paréceme un importe ridículo pero penso aprobalo porque polo menos dar isto. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Como xa dixemos antes o Partido Popular está de acordo fomentar as empresas en Barbadás nas novas creacións, pero cremos que é insuficiente esta partida de 20.000 € para o que dicíamos antes, máis ou menos como estimaba na Comisión informativa o señor Fírvida dicía que poderán chegar a sobre 10 empresas máis ou menos sobre 2.000 €, a miña pregunta é ó grupo de goberno ou ó BNG neste caso porque sabe canto tempo leva dar de alta unha empresa a unha persoa física, sabe?. En que mes estamos, no mes de setembro, en canto se publica non se publica, vostede coñece o número de empresas, vouno deixar no aire, eu si o sei, sabe cantas empresas se deron de alta no Concello de Barbadás que cumpran estes requisitos ata esta data, pois iso é o que leva facendo este goberno, organización, previsión e xestión cero. Vamos a ver, estamos de acordo e voulo a dicir así de claro, estamos de acordo na subvención a empresas pero as cousas hai que facelas ben, vamos a ver, as cousas hai que facelas ben, primeiro hai que saber os datos das empresas que se deron de alta, hai que saber canto tempo lle leva a unha persoa física dar de alta o que dicía antes o señor Padrón ten razón, esa persoa tería só tería dous puntos, hai lagoas nesta subvención que realmente hai que cubrilas, 2.000 € paréceme perfecto é unha axuda e entrarían pois os gastos de empresas, a páxina web, todo o que vostede queira, pero realmente vostede cre que con 20.000 € convence á cidadanía?. Vamos a ver, o centro empresarial vostedes lle están dando leván un ano e medio xa non dous anos, un ano e medio no goberno, cren que lle están dando ó centro empresarial cos seus nichos que vostedes din para as empresas, cantas empresas se foron para alí neste momento. Son tantas preguntas que lle faría que soamente con ver a súa cara e que vostede me diga que realmente non sabe cantas empresas se deron de alta dende xaneiro do 2016 a setembro que vostedes traen esta proposta e que lles sigo dicindo que o Partido Popular está de acordo pero que ve insuficiente a axuda para xente que queira emprender aquí e que queira traer a súa empresa a Barbadás, vostedes saben neste momento que poden facer negociacións con grandes empresas para que se poida amparar Barbadás, vostedes sábeno?, non, verdade?, déixollo no aire. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Vamos por partes, primeiro, ó Grupo Mixto, vamos ver a moción que trouxo vostede en febreiro de 2016 que eu tamén teño aquí, naquela ocasión eu xa lle dixen que



víamos aquela moción con carácter positivo, que era unha moi boa idea, e que en canto tivésemos diñeiro presupostado con este fin iamos adicalo para este fin, que sucedía que nos orzamentos do ano non había ningunha partida para a creación de empresas, polo tanto non podíamos aprobarlle aquela moción ademais de que os acordos que vostedes recollía moitos deles algúns tiñan dubidosa legalidade e outros eran imposibles acometer porque non eran competencias municipais, por exemplo a de subvención das cotas de autónomos, non podemos facelo os concellos, non é competencia municipal, nós podemos dar subvencións, non podemos asumir, non podemos asumir desde o Concello de Barbadás como non pode asumir ningún concello a subvención nin a minoración das cotas a Seguridade social dos autónomos señor Ramón, senón infórmese, e nós naquela altura xa lle dixemos que cando tivéramos partida orzamentaria e teño aquí recollido parte da miña intervención e eu lle dicía, seguramente sacaremos o diñeiro do remanente de tesourería, que fixemos, coller o diñeiro do remanente de tesourería e aplicalo con este fin, non sei de que se sorprende vostede cando xa estaba anunciado dende o mes de febreiro. Outras cuestións, eu sinto moito que vostedes non saiban ler unha ordenanza e o digo así de claro, non saben lela, o se a len teñen moi mala fe, porque lle vou dicir, tanto a señora Consuelo como o señor Ramón, fala vostede dun señor, mire primeiro, por que razón me di vostede un señor de máis de 35 anos e de menos de 45 e que ten que ser home, por que non ten puntuación específica, sabe por que se lle da puntuación específica, xa o dixen antes por razóns socioeconómicas e laborais, administración pública, o goberno central, as Comunidades e os Concellos están obrigados por lei a beneficiar a contratación laboral a aqueles núcleos de persoas, a aqueles colectivos que maior dificultade teñen no acceso ó mercado laboral, por exemplo, persoas en risco de exclusión social, problemas de disfunción, e persoas que o necesitan porque teñen máis dificultade de acceso ó mercado laboral por iso se valora positivamente que sexan mulleres, que sexan maiores de 45 ou menores de 30 anos. Segunda razón poñámonos na casuística do seu caso señora Consuelo Vispo e señor Ramón que me din que levan un punto, miren aprendan a ler, aprendan a ler, criterios de valoración, punto 1, situación social dos promotores que sexa o seu primeiro emprego, 1 punto, levamos un punto, eh?, segundo, persoas que esgotasen a súa prestación por desemprego ou subsidio, 1 punto, vamos en dous, porque é acumulativo, terceiro, persoas perceptoras da RISGA, se un perceptor de RISGA como dicía vostede no paro, con familia eu entendo que sería un perceptor de RISGA, verdade?, entón 2 puntos máis, vamos en 4, continuo, número de postos de traballo creados por conta propia ou allea, como mínimo dous, seis meses, 2 puntos, 2 puntos máis, vamos en 6 puntos pero é que aínda non rematei, antigüidade no desemprego,



poñámoslle un desemprego de 6 a 12 meses tres puntos máis, 9 puntos, o que din vostedes que terían un punto son 9, ven como non saben ler unha ordenanza, así é imposible, di vostede o de nichos de empresas, o nichos de empresa están collendo ese diñeiro do remanente para facelos pero hai sacalo a concurso público a obra están sen facer, aínda non hai nichos de empresas, como vai haber empresas alí, explíquenos iso das multinacionais que o Partido Popular niso ten experiencia, que nos quere traer os seus amigos de Iberdrola, claro explíqueno porque nós amigos nas grandes empresas non temos vostedes ó mellor si.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Teñen vostedes un minuto adicional todos.

O sr. Padrón toma a palabra: Mire, eu estou de acordo nalgunhas cousas con vostede e con outras non, vostede porque lle dea moitas voltas as cousas non quere dicir que teña razón. A moción non a quixeron aprobar porque non lle deu a gana, e incluso como dixen antes porque xa o dixen antes se había que retirar aquel punto que si que se pode dar subvencións no tema dos autónomos, si que se poden dar, se había que retiralo, retirábase, eu díxeno claramente, non hai ningún problema e negociábase, o que pasa é que non interesaba sacala e vostede sabía perfectamente que co diñeiro do remanente ía poder facer iso. Tamén lle quero dicir aquí ós señores do PP e Democracia Ourensana que de aquelas tamén nos dixeron a nós que para que trae isto vostede se sabe que aí non hai partida orzamentaria non sei que non sei canto, mire si hai cartos, como hai cartos, pero xa sabía que ía haber, como hai cartos para sacar diñeiro de educación para outro lado e cousas desas, entende?, non lle deamos voltas ás cousas. Tamén me ven dicindo e ten vostede razón, a administración obriga, a vostedes obrígalle a administración cando lle interesa, cando lle interesa a administración obriga a só meter os de 30 ata 45, pódelle dar vostede subvencións ós de 35 e van a quedar fóra destas subvencións cando é xente sá e normal e corrente, que a hai tamén e tamén ten dereito a unha subvención igual que outro, e non diga puntos porque eu díxense unha persoa de 35 anos simplemente que estea no paro, non lle dixen que cobre o RISGA nin cousa ningunha desas, e que teñan fillos a cargo, ou sexa que teña custes non lle estou falando dunha persoa solteira, non lle estou falando dunha persoa solteira. Vale de acordo, perdón, ten razón, pode estar solteira e ter fillos, perdón, ten razón. Pero cando traíamos a das familias numerosas e eu lle trouxen aquí todo o papeleo do que obriga administración, tamén as administracións locais, etc, etc, iso pasámolo por alí, e tal, e aí xa non hai obrigas, ou sexa as obrigas só son cando a nós nos interesa, cando a nós nos interesa entón, a ver como argumento non me vale porque tamén estaban obrigados a legislar, ou sexa meter tamén as familias numerosas porque llo recoñece o estado e sen embargo dicíame que non, que iso, o que fora,



e agora din que están obrigados teñen que ser de 35 a 45 diga vostede pódennlle dar axudas tamén, tamén llo poden dar como lle poden dar unha subvención para facer un festival de rock, unha subvención para facer outras moitas cousas, e a ver se agora hai cousas que non se poden facer e outras cousas si se poden facer, e xa digo, mire, volvo a repetir a falla de diálogo isto puidémolo aprobar no seu día, dixemos que non se ía a facer efectivamente nese mes ou no mes seguinte pero como tantas outras mocións, e que isto non estamos obrigados por lei a aplicarlas a semana que ven, entón puidérono, puidémolo sacar adiante aquel día, nós estábamos abertos ó diálogo e non o fixeron e agora veñen con unha cousa parecida, queremos que nesa ordenanza se poña tamén o caso desas persoas onde ven, onde están os criterios de avaliación que tamén se incorpore ese grupo de persoas con familia e que teñan ese, que estean no paro, que estean no paro que non traballe ninguén que non haxa máis que un ingreso de cobrar o paro, nada máis, tamén nese colectivo porque teñen que estar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: Mire para min voulle dicir o que dixen antes, non vou a explaiarme máis no tema, vou a votar a favor desta moción porque volvo a repetir que hai que apoiar a industria e ó comercio e só pedir que nos orzamentos do ano que ven, que se meta máis diñeiro. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Padrón, parece mentira que vostede o diga, que vostede o diga, se todas as mocións que se traen aquí, que trae a oposición incluído vostede aínda que lle dera a gobernabilidade logo fana pasadas uns meses, hai que axudarlles a traballar, porque non teñen previsión ningunha. Dentro de pouco pois ó mellor traeranos por sorpresa a baixada catastral e venderana eles cando xa o Partido Popular tróuxoa dúas veces, pois que máis da, é que é así, vostede fixo e ten toda a razón, fixo o traballo que eles agora mesmo están, diálogo, estráñame vostede que non teña diálogo con eles e que non lle dixeran isto para que lles axudara, a verdade, entende, se vostede está apoiando non o sei, aquí cambiáronse non sei se están vendo que neste Pleno se están cambiando as tornas, non sei se son consecuentes co que estamos vendo todos, déixoo no aire. De todas maneiras señor Alcalde, señor Tenente Alcalde, nós somos un partido de xente, de persoas, que aquí nos votaron moitos máis que a vostedes, vostedes grazas ó señor Padrón están gobernando, pero nós si temos amigos, amigos, persoas, xente como vostede, coma eu, que si temos moitos votos e estamos traballando para que Barbadás creza, dígame vostede que con esta subvención de 20.000 € que apoiamos, que apoiamos e vemos insuficiente, sígoo dicindo, vai vostede a traer, traballo, empresas a Barbadás, hoxe sigo dicindo déixollo no aire e que vostedes non len os xornais, porque o



que eu acabo de dicir, non é que o Partido Popular teña amigos, senón que aquí en Ourense se está buscando para crear postos de traballo, entón fagan o traballo por favor, porque si poden facelo pero tamén se queren lles axudamos nós, se o señor Padrón non ten o diálogo con vostede, nós si podemos dialogar pero mire levamos ano e medio aquí, e ata agora incluso ata non nos invitaron a acender as luces de nadal, mire vostede, mentres ós demais que nunca o dixen, non, non, poña esa cara señor Alcalde, estamos aquí as seis persoas concelleiros e ninguén nos chamou para ir a acender as luces de nadal, mire vostede, pero tampouco ninguén nos chamou para axudarlles ás veces cando vostedes teñen algunha dúbida ou incluso cando o outro día dixen o tema do concerto de rock, si que se pode facer noutro sitio, pero nós nada, nos piden axuda para algo?, non, nós estamos incluso non para criticar senón para seguir traballando e xa vexo que non lles importa nada pero como á persoa que deberían ter diálogo que lles deu a gobernabilidade tampouco o teñen que esperaremos o Partido Popular, pero as tornas están cambiando ó mellor, deixámolo aí no aire.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas Chelo Vispo. Voulle aclarar á señora Chelo Vispo varias cousas, unha cousa en concreto, primeiro independentemente do tempo que poda levar constituír unha empresa neste Concello ou nesta Comunidade autónoma ou no Estado Español, dicirlle que se lee de novo a ordenanza e a le ben, indica que esta subvención non a leu ben, insisto, reafirmo as palabras do señor Fírvida, pon empresas constituídas dende o 1 de xaneiro, non, non, pero vostede preguntou tamén, eu non lle interrompín, polo tanto por favor non me interrompa, vostede dixo cantas empresas, que tempo leva constituír unha empresa neste Concello, nesta Comunidade autónoma, pois señora Chelo dá igual o tempo que leve porque esta ordenanza entra en vigor para as empresas que están constituídas desde o 1 de xaneiro para aquí polo tanto todas as empresas constituídas dende o 1 de xaneiro teñen dereito a poder participar nesta achega, teñen dereito a participar nestas achega. Segunda cuestión, vamos a ver, señor Padrón con todo o cariño do mundo dígollo, vamos a ver, aquí non se está excluindo a ninguén, nesta ordenanza non se está excluindo a ninguén que teña entre 30 e 45 anos, simplemente se puntúa adicionalmente estar por debaixo dos 30 anos e por enriba dos 45, pero esa xente, esas persoas, eses convenciños e conveciñas que teñen entre 30 e 45 anos tamén poden participar na parámetros desta subvención, pero hai un apartado que concretamente puntúa, de máis ou menos, e tamén hai que pensar unha cuestión que son grupos de persoas non por favorecelos ou desfavorecelos están nunha situación máis complexo, eu por exemplo teño 52 anos e as persoas que teñen máis de 45 anos estatisticamente está demostrado que teñen máis problemas para acadar un posto de traballo, e as persoas de menos de 30 estamos facendo todos os días, ou lendo todos os días



noticias de que emigran deste País, entón, esta é unha posta en valor tamén esas persoas que teñen unha formación especial moito mellor da que houbo no seu momento para intentar retelas aquí, simplemente non é unha exclusión senón que é unha valoración adicional para esas persoas. Deixa vostede moitas cousas no aire señora Chelo, pois ó mellor sopla dentro de poucos meses en contra súa. Moitas grazas. Votación, votos a favor, por favor. Abstencións. Votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana e as abstencións do PP e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da ordenanza reguladora e convocatoria do ano 2016 do programa de axudas municipais á creación de empresas”**

7- LEVANTAMENTO DE REPARO RELATIVA Á TRAMITACIÓN DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 6/2016.

Queda retirado da orde do día.

8- APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2015

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto da orde do día aprobación da Conta xeral. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde

O sr. Fírvida toma a palabra: Este é un trámite administrativo, é un documento técnico elaborado polo servizo de intervención do Concello de Barbadás, a Conta xeral está a disposición de todos, de todas as persoas membros desta corporación municipal, á súa disposición no servizo de intervención.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, algunha intervención en relación a este punto?. Ninguén. Grazas. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación da Conta xeral 2015”**

9.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á SOLICITUDE DUN LOCAL PARA A PROTECTORA DE ANIMAIS CREADA NO CONCELLO DE BARBADAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao apartado de mocións, a primeira moción é a de Democracia Ourensana relativa á solicitude dun Local para para a protectora de animais creada no Concello de Barbadás.



A sr. Varelas toma a palabra: Unha poboación tan grande como é Barbadás, necesítase unha protectora con local habendo unha protectora chamada “ALMA” (asociación, ladridos e maullidos adoptables) que todos sabedes que xa existe, para os animais abandonados tanto gatos como cans, outros Concellos da provincia de Ourense con menos poboación xa teñen protectora con instalacións ou ben canceiras a cargo da Deputación. A provincia de Ourense conta coa protectora da cidade, canceiras en Carballiño, en Xinzo, en Verín, en Muíños. Protección Civil no ano 2015 recolleu 120 animais aproximadamente, e este ano vai polo mesmo camiño, a protectora ALMA encargouse de 40 gatos e a dado en adopción 15. A sociedade moderna mírase pola calidade dos seus habitantes pero tamén a de os seus animais. Democracia Ourensana propón en primeiro lugar a cesión dun local provisional de aproximadamente 200 metros cadrados con subministros de luz e auga. Ata que o Concello de Barbadás pida subvencións á Deputación para crear unhas instalacións dignas, como por exemplo no Concello de Muíños onde o Concello puxo os terreos, e a Deputación realizou as obras correspondentes para a creación da canceira. E en segundo e último lugar dotar ao local de instalacións de gaiolas para ter aos animais tanto que se vaian a castrar, como aos que se vaian a adoptar. Agora vou a explicar un pouco o meu parecer, vamos a ver Barbadás é un Concello grande como vós sabedes, hai moitos animais, ao cabo do ano abandónanse moitos animais, porque 120 animais ao ano son bastantes, entón temos a necesidade de protexer a estes animais que non teñen nin voz nin voto, pero que son nosos é unha pena, eu só quero dicirvos unha cousa, moitos de vós tedes animais, seino, Manuel ten animais, Chelo ten animais, Victoria ten animais, moitos de vós tedes animais, vós pesade que si se vos extravían, se se vos perden, a cariña, mirade para os ollos dun can abandonado, pensades que eles non teñen nin voz, nin voto, que non poden defenderse, e a min gustaríame que todos vos pensades nos ollíños dun can abandonado, porque están pedindo amor, están pedindo socorro, teñen medo, teñen frío, teñen fame, están cheos de pulgas, cheos de garrapatas, a xente pégalles, quéímanos, si sigo por aí vou chorar e todo, porque son moi sensible cos animais, entón penso que unha sociedade moderna como é a nosa, teñamos que protexelos e coidalos, vós sabedes que os animais aquí, os cans sobre todo van a Protección Civil, hai votan cinco ou seis días, e despois xa mándanos para a protectora de Ourense, a protectora de Ourense cónstame que están sobre saturados, ou sexa teñen máis animais dos que poden atender, entón por isto a miña moción, desde o principio me preocupei por eles, e me seguirei preocupando, xa vos digo non é por cuestión de votos, que isto non da votos ningún, é por satisfacción persoal, por poder axudar a animais, que ó final axudar aos animais fainos mellor persoas, porque primeiro é certo que están as persoas, estamos as



persoas, pero despois os animais son moi importantes, eles danos todo a cambio de nada, entón o que vos pediría é que vós puxerades un pouco no meu lugar, que vos puxerades un pouco no lugar dos animais abandonados, e entre todos que os puideramos axudar. Victoria o outro día dixo que había un local, en Parada de Piñor se non recordo mal de 30 metros, 30 metros de local non nos da para nada, non nos da para nada Victoria, date conta e como se eu agora levo un número 35 de zapato e me queres meter nun 28, imposible, como podemos meter 120 animais en 30 metros cadrados, entón a ver si entre todos arranxamos un local, ou a ver como se fai para polo menos telos provisionalmente ata que se poidan pedir axudas á Deputación, porque Muíños fíxoo moi ben, é certo que o Alcalde de alí é do PP, co cal teno moito máis fácil na Deputación para pedir subvencións, fixo ben, hai que recoñecelo da igual de que grupo sexa, Muíños funciona ben, os Concello deu os terreos a protectora custou cento noventa e pico mil euros, fixo a Deputación, e estáos levando unha protectora de animais, entón eu pediavos que a ver si podedes aportar algo, e facer isto, e de todas formas tamén dicirvos que nos presupostos do ano que ven, aínda que aquí non o puxen por escrito por favor que sexan máis de 2.000 €, porque sinceramente 2.000 € non dan nin para os pensos dos gatos, entón os cans xa nos digo nada, tiñan que morrer de fame, entón saber como se pode facer e se isto non sae adiante eu vou a traer esta moción ata que eu estea aquí seguida, porque de verdade só pensade nos ollos dun can abandonado, non vos digo nada máis, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Fina Varelas, ten a palabra o voceiro de Compromiso por Barbadás, Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, nós estamos de acordo coa exposición de motivos da moción, pensamos que Barbadás está medrando e necesitaríamos dar solución a este problema, si en Ourense xa está sobre saturado e non se está pensando en ampliar ou en facer outra canceira, está claro que nós teríamos que tomar a iniciativa, ademais tendo unha asociación aquí no Concello para iniciar o camiño nun futuro ter unha protectora, entón xa digo estamos de acordo totalmente, e na proposta que se nos pon, e como dixo agora Fina, non hai un local hoxe en Barbadás para isto, e o que se falou así en Comisión informativa o local de Parada non pode ser, porque nós a información que obtivemos para montar algo así, de momento para saír do paso, precísanse dous mil metros en so rústico creo que son, necesítase unha licenza de Medio Ambiente cun proxecto dun enxeñeiro agrónomo e sempre e cando non haxa casas preto que nos obriguen a outros condicionantes, entón ese local está claro que non pode porque calquera nos pode denunciar, aparte de ser pequeno que non vai a satisfacer o que queremos, non pode ser, agora si, queremos que se traballe neste sentido, que se busquen uns terreos



que se poidan ofrecer á Deputación ou á Xunta para que, está claro que a Comarca de Ourense, non só somos Barbadás, precisamos máis atención para os animais, e a parte aprobamos no seu día unha ordenanza sobre animais domésticos, os animais están protexidos, hoxe afortunadamente cando unha persoa ve que se maltrata a un animal ou algo o denuncian, entón xa non é como noutros tempos, temos que seguir camiñando sobre isto e estamos a favor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra (PP): Boas noites, xa non son tardes, son noites a todos, estamos de acordo co fin da moción e mirar para o benestar do animais, pero si a solución que da o Concello é o antiga escola de Parada e a nosa compañeira de Democracia Ourensana Fina o acepta nós no vamos a votar a favor, porque non é un local axeitado para os pobres animais, como dixo o compañeiro de Compromiso necesítase un local pois axeitado, con 2.000 metros cadrados, e non un local de 30 metros cadrados como é a antiga escola de Parada. O grupo de goberno di que é algo provisional, pero moito nos tememos que quedará así, porque este é o goberno das chapuzas, aproban ordenanzas e a uns meses xa nos traen as modificacións, desde o Partido Popular de Barbadás estamos a favor de que se habilite un local para a protectora de animais creada no Concello de Barbadás, pero un local axeitado para este fin, e non unha chapuza como quere facer este grupo de goberno como así nos comentaron nas comisións informativas, que tiñan en mente habilitar a antiga escola de Parada. Sabemos a necesidade de todo isto, porque onte precisamente sen ir máis lonxe, dimos parte a Protección Civil, un compañeiro concretamente do Partido Popular, que o podo dicir perfectamente foi Manuel o meu compañeiro de Loiro, dimos parte a Protección Civil porque se atopou un can bastante grande con un tiro na cabeza, entón pois foi algo que non nos gusta a ninguén o velo, por suposto, mira a min xa se me están pondo os pelos de punta, e desde aquí queremos dar as grazas a Protección Civil, polo servizo inmejorable que están prestando, por iso pedimos ao goberno que faga as cousas ben dunha vez por todas, e que invistan onde teñan que investir, e non en andar facendo murais, moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Pois ben, a boa vontade deste goberno non pode estar por riba da legalidade. A política animalista do goberno está máis ca demostrada dende o momento en que non só mantivemos a partida de 2.000 euros destinada a Protección Civil para o coidado e protección dos animais, senón que emprendemos unha política activa de apoio aos animais domésticos. O Concello sufraga o mantemento de animais perdidos ou abandonados mediante o pagamento de facturas de



penso de colonias de gatos e gatas, e ademais o Concello sufraga a esterilización das gatas que viven na rúa. Esta liña de colaboración e este compromiso afrontámolo contando co inestimable traballo dos voluntarios e voluntarias da Asociación de Maullidos e Ladridos Adoptables (ALMA). O traballo destas persoas está facendo posible que o Concello asuma efectivamente unha das súas funcións, que é o mantemento das condicións de salubridade pública. Neste tipo de apoio aos animais abandonados somos pioneiros a nivel provincial. Somos moi conscientes de que é necesario seguir intensificando os esforzos e por iso estamos traballando na procura dunha superficie axeitada e que cumpra a normativa. Nun principio barallouse efectivamente a posibilidade de habilitar a antiga escola como lugar idóneo para a convalecencia, sería só nese caso, a convalecencia de gatas esterilizadas antes de devolvelas ao seu hábitat, sería cuestión de tres días, pero a idea tivo que ser descartada, a pesar de que era un espazo tan reducido de tempo porque non se axustaba á legalidade, repito a boa vontade non é suficiente. A elaboración dun proxecto de canceira municipal é unha iniciativa ambiciosa que non descartamos, e na que estamos traballando, pero para acometela precisamos de 2.000 metros cadrados en só rústico e instalacións acaidas para o mantemento de animais domésticos abandonados. Trataremos de acadar ese obxectivo, pero farémolo en base a criterios económicos, de utilidade e sempre contando coa colaboración doutras administracións. Dicir tamén que a día de hoxe a parte dos dous mil euros que estaban recollidos nos presupostos e que foron destinados a Protección Civil, levamos gastado en pensos e esterilización máis de 3.000 euros, e a previsión a principios de xuño eran de 3.000 euros, a previsión a fin de ano calculamos que será de 5.000 euros, co cal a nosa aposta polo apoio aos animais abandonados está máis que demostrada, efectivamente barallouse a posibilidade da antiga escola de Parada, pero non reúne as características e ten 53 metros cadrados utilizables, só pode utilizarse para uso cultural, entón teremos que buscar terreos que é un verdadeiro handicap neste Concello, atopar terreos públicos ou que os adquira o Concello para que efectivamente habilitar unha canceira municipal con 2.000 metros cadrados e que reúna as distancias mínimas ás vivendas próximas que son de 100 metros, entón nesa liña estamos traballando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Aclarado o tema do local ese, que non vale, o que pasa é que temos un problema, entre que buscamos os terreos, que pedimos a subvención podemos votar anos, podemos votar un ano ou dous, porque as cousas burocráticas, xa se saben que levan mogollón de tempo, é sinceramente os animais non poden botar anos esperando que nos fagamos algo, entón eu por iso dicía



de buscar un local, unha casa, ou algo buscar un aluguer, si o Concello non ten instalacións pois pódese buscar un aluguer barato, porque realmente non fai falta buscar un luxo, simplemente que conste con luz, auga, que teña un espazo suficiente, pois pagar un aluguer, o Concello pagar un aluguer, como se estivo pagando o Centro de Saúde, o Centro de Saúde de Barbadás, en A Valenzá estivo de aluguer moito tempo, un aluguer moi caro, pero estivo de aluguer, pois pagar un aluguer módico e nese mesmo momento pois ir pedindo as subvencións, buscando local, porque o que non podemos, a ver eu non digo que aquí o Goberno non teña intención de facelo, pero é que isto non é podemos esperar, non, os animais son seres vivos, non podemos dicir vamos a botar un ano, nin vamos a votar dous, a vontade non é suficiente, é algo necesario, porque mira eu vouvos a dicir unha cousa as persoas que están nesta asociación en ALMA, eu coñezo a unha e para min é unha persoa digna de admirar, porque unha persoa super ocupada, unha persoa con familia, con negocio, e mátese por os animais, si ela consegue facer iso porque nos non vamos a dar conseguido axudalos aos animais, témolo máis fácil, si está persoa que sabedes ben que é, que aínda encima é do voso partido, ou sexa unha persoa do PSOE, entón si esta persoa consegue compaxinar fillos, traballo, e o traballo que fai, porque para min é un heroe porque ela non gaña nada, gaña só amor, gana satisfacción, pois si ela consegue facer iso, porque non vamos conseguir buscarlle un local para os animais, senón non o damos feito pois decidelle á asociación buscade un local, traédenos canto vale de aluguer ao mellor encontramos unha casaña con finca, casa apartada, xa se sabe que non pode estar no núcleo do pobo, pero podemos encontrar unha casa con finca apartada onde eles durante un ano, dous anos o tempo que lle leve desenvolver a canceira pois para que estean protexidos, é que si non isto vai pasar, está a lexislatura e eu vexo o difícil que é levar as cousas adiante porque hai tanta burocracia, e hai cousas que urxe, hai cousas que se poden ir levando, pero é que me parece unha barbaridade 120 cans ao ano abandonados no Concello de Barbadás, é que me parece, que se saiba, e vivos, porque o que acaba de dicir Manuel e que en Loiro apareceu un can morto, ou sexa que non, temos que pensar un pouco máis alá de tanta política, temos que pensar un pouco como persoas, sinceramente e a miña opinión, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede, ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Nada incidir no tema de que hai que buscar un lugar axeitado para nun futuro poder ter esta infraestrutura, e eu quero dicir que nós tivemos información dunha persoa que quixo poñer privadamente un tipo de gardería, e conseguiu unha finca de dez mil setecentos metros e aínda así non lle deron os permisos e non o puido conseguir, por iso que é bastante difícil incluso para



a iniciativa privada, por iso debemos buscar un sitio onde nos permitan poder facer isto, pedir as subvencións oportunas, incluílo nos presuposto do orzamento e nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten o palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra: Eu xa dixen nun principio que estamos de acordo con esta moción, sempre e cando non se utilizara o local de Parada, que xa nos confirmou Victoria que non se vai a usar, entón nós vamos a votar a favor desta moción, porque estamos totalmente de acordo neste aspecto e que o que di a miña compañeira Fina que os papeis de palacio por desgracia van amodo Fina. Pero empezar solicitando, mirando os terreos e todas esas cousas, porque cada ano que pasa e peor, ou sexa si empezamos xa mañá pois antes o van facer, entón nos vamos a votar totalmente a favor nesa moción, ¿vale?

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Victoria Morenza.

O sra. Morenza toma a palabra: Evidentemente todos estamos a favor, nós estamos traballando, nós esperamos contar coa colaboración incluso da propia asociación ALMA , dos propios Concelleiros que estamos aquí, das 17 persoas que estamos aquí representando aos veciños, de calquera veciño que queira facer achegas, que teña ideas nós estamos abertos pero conseguir un terreo que teña unha vivenda contigua que sume dous mil metros cadrados e que estea en só rústico vai a ser complicado, nos intentaremos conseguilo pero hai que reunir unhas condicións e presentar un proxecto, tampouco podemos alugar por alugar, teríamos que presentar un proxecto técnico, entón intentaremos traballar xa de cara ao futuro e de cara xa a algo non provisional de cara a algo definitivo, e nesa liña comprometémonos a seguir actuando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, votos a favor da moción,

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** por unanimidade o seguinte acordo: “

Moción relativa á solicitude dun local para a protectora de animais creada no Concello de Barbadás: Primeiro a cesión dun local provisional de aproximadamente de 200 metros cadrados con subministro de luz e auga. Ata que o Concello de Barbadás pida subvencións á Deputación para crear unhas instalacións dignas, como por exemplo no Concello de Muíños onde o Concello puxo os terreos e a Deputación realizou as obras correspondentes para a creación da canceira. Segundo dotar ó local de instalacións de gaiolas para ter ós animais tanto que se vaian a castrar como aos que se vaian a dar en adopción”.

10.- MOCIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA CASA DA XUVENTUDE E POSTA EN



MARCHA DE NOVAS ALTERNATIVAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular para a dinamización da casa da Xuventude e posta en marcha de novas alternativas, ten a palabra a seu voceiro.

O sr. González toma a palabra (PP): Señor Alcalde, e señores e señoras Concelleiros, señores funcionarios, sufridos señores veciños e veciñas que tiveron a valor e o coraxe de asistir hoxe ó Pleno boas tardes ou boas noites neste caso a todos e todas. É un feito ben coñecido que o Concello de Barbadás debe ser un referente e un punto de apoio para que os mozos e mozas depositen nel as súas iniciativas e tamén alternativas eficientes que lles faciliten a adopción de decisións importantes nas súas vidas. E por iso polo que traemos esta moción para a dinamización da casa da Xuventude e a posta en marcha de novas alternativas para ela. Compren definir un escenario e plans de actuación que desenvolvan unhas políticas positivas para facilitar o acceso dos máis novos ó mundo dos adultos. Estes feitos evidencian que a xuventude ten que ser entendida coma un grupo social con necesidades específicas. Os mozos e mozas demandan dos gobernantes que atendan as súas reivindicacións e iniciativas, pero parece que este bipartito ten serias dificultades para achegarse a este sector da poboación. Alguén se molestou en preguntarlles cales son as súas prioridades?. Dende o Partido Popular de Barbadás pensamos que o goberno simplemente mira cara outro lado, xa que é un sector da nosa poboación que aínda non ten dereito a voto. Ó noso grupo chegoulle con falar en varias ocasións cos mozos e mozas de Barbadás para coñecer as súas inquietudes máis próximas, pero non queremos converternos nos seus voceiros, temos que pór en marcha sistemas de participación enfocados exclusivamente a este sector da poboación. As decisións dos máis novos deben materializarse e facerse sentir na vida política, social, e cultural do municipio, especialmente nas cuestións que lles afectan de maneira directa para a súa plena incorporación a vida cidadán. Cómpren transmitir información e tamén establecer unha relación bidireccional entre os mozos e o Concello. Cómpren difundir información de interese para a xente nova así como para as asociacións, entidades e profesionais que traballan no ámbito de Xuventude. Temos que poñer o maior interese no sectores peor informados, ben sexa por dificultades para acceder a información ou por cuestións de tipo social, cultural ou económica. Cómpren establecer canles estables de comunicación entre o Concello e a xente moza co fin de facer accesible a información municipal ao devandito colectivo e ó mesmo tempo recoller as súas demandas e necesidades específicas. Barbadás ten nos mozos e mozas o seu maior potencial, o seu maior garante e calidade de vida á que aspira esta sociedade no seu conxunto. Polo tanto instamos ao Pleno Municipal a adoptar os seguintes acordos: Primeiro, deseño dun “ Plan



Integral de Xuventude Participativa”, con a lo menos os seguintes aspectos: a) Participación e autoxestión (creación do Consello da Xuventude); b) Apoio técnico e posta en marcha do Plan Integral. Contratación dun equipo técnico para a dinamización, intervención e coordinación de actividades; c) Infraestrutura do Plan Integral, dinamizando a actual Casa da Xuventude; d) Programación de formación e información; e por último e) Financiamento municipal directa e cofinanciamento de propostas con outras administracións. En segundo lugar, instar á Concellería de Xuventude a realizar unha enquisa entre a xuventude onde se poidan sinalar as propostas de ocio que mellor se axeiten ás súas necesidades. Terceiro o devandito informe terase que presentar a todos os grupos políticos municipais de xeito que poidan participar nas accións e medidas que vaian orientadas ó deseño das políticas locais de xuventude. E por último e xa remato cuarto, instar á Concellería de Xuventude a que abra a Casa da Xuventude nas fins de semana, en horario axeitado a cada época do ano e as necesidades dos propios mozos e mozas, moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, está moción pois é bastante complexa, nós non pensamos, en certas cousas estamos a favor, noutras cousas non pensamos o mesmo, fálase de autoxestión de xuventude, pero parece que os queremos dirixir facerlle todo, como se foran persoas excluídas sociais, pensamos que son os máis integrados na sociedade, polo tanto os puntos dos acordos e o de participación e autoxestión ca creación do Consello da Xuventude, si, pero para o Consello da Xuventude primeiro temos que ter os mozos implicados no desenvolvemento da actividades e que eles mesmos creen o seu propio Consello, logo tamén o apoio técnico, contratación do equipo técnico para dinamización, intervención e coordinación de actividades, parece que, falamos de autoxestión pero parece que o queremos é ordenarlle a vida completamente dende o Concello, e non é así, quen se teñen que autoxestionar son eles, iso si o punto d e o e, programa de información e formación, si que o debemos, dende o Concello participar neses programas, e o financiamento municipal directa para todas aquelas propostas que os mozos transmitan, tamén no tema de facer unha enquisa en todo iso, tamén estamos de acordo, no punto dous, e no tres que se remita aos grupos municipais. Nós queremos dar máis liberdade, non participar tanto e querer influír tanto en todo o que teñen que facer, teremos que darlles os seus locais, nós pensamos que o local non é darlle para que vaian alí en cuadrilla, e fagan e senten nuns sofás e fagan o que lle dea a gana, neses locais hai que programar unhas actividades, que poden ser por semanas, unhas actividades de ocio, para todo tipo de idade que serían dende os 12 ata os 18 anos, pensamos, campionatos de roll, de fútbolín, a semana dos



dinosaurios para os rapaces que aínda lle gusten esas cousas, cando foi o do observatorio puido haber unha semana antes onde puideran ir alí e facer actividades en relación a ese tema, festas temáticas, unha semana tamén sobre cada festa, festas do Samaín, do entroido, cousas así onde eles vaian e realmente se misturen actividades e participen e monten o seu propio Consello de Xuventude, eles se asocien e pidan ao Concello diñeiro, subvencións para as actividades que queiran programar e nada máis, xa digo estamos de acordo no apartado e) do primeiro acordo, e logo no segundo, no terceiro e no cuarto, logo no principio parécenos que é moi intervencionista o tema da moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Non teño nada que comentar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Ánxela González.

A sra. González toma a palabra (BNG): Plenamente de acordo con señor Ramón de Compromiso por Barbadás. En primeiro lugar dicirlles que aos Concelleiros e Concelleiras do Partido Popular que no fondo da cuestión estamos de acordo, estamos totalmente de acordo sobre todo en canto expresan frases que foron tan repetidas en anteriores lexislaturas, con que cómpre definir un escenario, un espazo enténdase este para mozos e para mozas. Tamén din vostedes que a xuventude ten que ser entendida como grupo social con necesidades específicas, por supostísimo que si, as decisións dos e das máis novas deben materializarse e facerse sentir na vida política social e cultural do municipio, por supostísimo que si, non podemos estar máis de acordo. Barbadás ten nas mozas e nos mozos o seu maior potencial, por suposto, e Galiza, por favor non sigan facendo que emigren. Estamos completamente de acordo, polo tanto pensamos que o punto de partida é positivo. Sen embargo é curioso que vostedes plantexen a súa moción despois de ter convertido o que inicialmente ía a ser a Casa da Xuventude, nunha ludoteca á que acoden nenos e nenas ata os 12-14 anos. Tamén é curioso que falen de mozos e mozas como colectivo, cando saben que a nosa mocidade por desgraza a día de hoxe aquí en Barbadás non está organizada, entre outras razóns porque non teñen espazos propios, porque por ter non teñen nin sequera Instituto, que é un lugar de cohesión e de vertebración social entre a nosa mocidade, a pesar de que en varios exercicios ese Instituto estivo orzamentado, orzamentado pola Xunta de Galicia na época do bipartito, hai que mirar atrás señora Chelo Vispo, si que hai que mirar atrás, si que hai que mirar atrás, estivo orzamentado durante varios anos, e vostedes non foron quen de poñer os terreos a disposición para que ese Instituto hoxe fose unha realidade, pero aínda digo máis en canto o Partido Popular entrou na Xunta de Galicia no ano 2009, unha das primeiras medidas do señor Feijóo foi obviar que en Barbadás necesitabamos un Instituto, e polo tanto



retirouse orzamentariamente esas partidas que durante varios anos se puxeran sobre a mesa. Tampouco vostedes en tantos anos de goberno do Partido Popular foron quen a pesar de que a oposición o trouxo en múltiples ocasións, e non puideron imprimir todas as actas porque eran moitas, e non quero gastar tanto papel, puxeron en marcha, non foron quen de pór en marcha un espazo para a mocidade para o Concello de Barbadás, entendendo por mocidade claro, porque o mellor hai que definir mocidade, entendendo por mocidade aquela franxa de idade que abrangue dende os 14,15,16 anos en adiante ata os 30 aproximadamente, dende o meu punto de vista. Entendendo así mesmo que a partir destas idades por suposto que os mozos e mozas teñen capacidade de decisión e de autoxestión, tamén estamos en condicións de dicir que confluímos nese plantexamento, os mozos e mozas teñen necesidade de autoxestión e de decisión, é máis, somos partidarios de que a partir de 16 anos voten, aínda así, e aborten se é necesario, aínda así debo aclararlles como Concelleira de Mocidade que si me teño achegado a mozos e mozas deste Concello, e que si me teño achegado, non a todos porque desgraciadamente non podo ir un por un, porque como non hai asociacionismo xuvenil, que vostedes xa se encargaron ben de que non o houbera, fun salvando esta circunstancia e si me puxen en contacto con diversos mozos para saber cando menos das súas inquietudes. Sei que solicitan un espazo propio, e tamén sei que non o queren o lado dunha ludoteca, onde van as mamás os papás e os nenos pequenos, unicamente se os contratamos como monitores ou monitoras de eses nenos pequenos, porque desgraciadamente moitos deles están sen traballo, ¿vale?. Sei que solicitan tamén un espazo onde se poidan xuntar, como dixo Ramón, organizar e prever as actividades, sei que lle gustaría contar con locais de ensaios, con espazos de asesoramento afectivo-sexual, con cursos de imaxe e desenvolvemento en novas tecnoloxías de deseño, de fotografía, hai grupos que piden espazo para desenvolver a súa creatividade artística e piden espazos para formación, e hai outros completamente desmotivados que preciso atraer e achegar. Din algo vostedes no que non estamos de acordo, tesme que deixar un momento

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tes a segunda intervención

A sra. González toma a palabra: E é que miramos para outro lado, despois explico, o que si quero entregar para que vexan, un pouco, voulle facer unha emenda pero no fondo estamos de acordo coa cuestión que plantexan, pero si voulle facer unhas emendas aos acordos si me o permiten agora un minuto máis, que vou a presentar a todos os grupos, un é:

- Axilizar a construción da futura Casa da Mocidade aprobada no Pleno do 28 de xullo.
- Simultaneamente iniciar os trámites previstos no Regulamento de Participación Veciñal para a



constitución do Consello Municipal da Mocidade.

- Elaboración, a través do Consello Municipal da Mocidade, dun Plan de Dinamización de actividades para mozos e mozas que contará coa colaboración do concello e desenvolverá actividades de lecer, culturais, ambientais, de formación afectivo-sexual, prevención de condutas de risco e discriminación entre outras e aquelas que sexan do seu interese.

O sr. Alcalde toma a palabra: A primeira cuestión é dilucidar si o Partido Popular acepta estas enmendas, si por favor, simplemente transmito cal é o procedemento, nada máis.

A sra. González toma a palabra: Si me deixades que volo aclare, mirade, os trámites previstos no Regulamento de Participación Veciñal para a constitución do Consello Municipal da Mocidade, a min dáme igual cambiar a redacción, pero realmente é algo que está previsto, que aínda non se puxo en marcha, pero se pode pór en marcha, pero iso hai que crear certo asociacionismo entre a Mocidade, si pero para crear o Consello Municipal da Mocidade, ten que haber certo asociacionismo para podelo crear, de todas formas eu estou disposta a transacionar como se redacta, o que non estou de acordo é que vós no voso plantexamento poñedes “Deseño dun Plan Integral de Xuventude Participativa”, instar á Concellería de Xuventude, de Mocidade, neste caso porque lle chamamos Mocidade, a realizar unha enquisa entre a Xuventude, isto podería entrar perfectamente, e o Plan Integral de Xuventude Participativa se o facemos nós, non o fan eles, entón aí si que entendo, como no caso que dicía compromiso por Galicia o Ramón que é intervencionista, é dicir eles teñen unha idade na que teñen capacidade decisoria e son eles os que teñen que facer ese Plan de dinamización e nós en todo caso dende o Concello, colaborar, apoiar, claro pero o Plan de dinamización por iso eu o redacto desta maneira, ao mellor no fondo seguimos estando de acordo, pero eu razoo así, elaboración a través do Consello Municipal da Mocidade dun plan de actividades para mozos e mozas que contará coa colaboración do Concello e desenvolverá actividades transversais de lecer, culturais, ambientais, de formación afectivo-sexual, prevención de condutas de risco ou discriminatorias entre outras e aquelas que sexan do seu interese, porque partimos de que a autoxestión, sae de eles, brota de eles, non do Concello.

O sr. González toma a palabra: Non, non, no debate non estamos aínda. O punto segundo e terceiro non ten sentido ningún, eu teño un fallo vaime a cabeza moi rápido e a veces falo moi rápido, ao mellor é que non lín ben, volvo repetir, falabamos de deseñar un Plan Integral de Xuventude Participativa, por suposto con eles, o que pasa é que estamos falando de menores de idade, que temos de algunha maneira tutelar legalmente pero si, que contando con esa xuventude, por suposto, non con



nós, non lle imos a propoñer nós as actividades, son eles os que as van a propoñer. Entón polo tanto ese sobra. E o terceiro punto tamén falabamos no apartado b) Apoio técnico e posta en marcha dun Plan Integral, aquí o único que fai o BNG e cambiarlle o nome como sempre ás cousas, nós falamos de Concellería de Xuventude aquí falan de Concellería de Mocidade, chámalle “X”, eu creo no sentido e alégrame que estamos todos de acordo, entón poñámola en marcha xa, e no primeiro, entón a segunda e a terceira sobran claramente, e no primeiro tamén sobra porque nós o que facemos precisamente este plan e para poñer en valor a Casa da Xuventude que levan vostedes ano e medio no Goberno, e xa lles recorden ou lembren ou tomen consciencia de que están no Goberno e que levan ano e medio sen facer nada, entón é para poñelo en valor, non para crear novas infraestruturas que van a custar corenta e pico mil euros anuais, 240.000, que incumpren os reparos e os informes da intervención municipal etc, etc, que sería moi longo expoñer aquí, loxicamente o dous e o tres sobran e o primeiro por suposto, moitas grazas. A ver non hai nada que aceptar a segunda e a terceira están contempladas no Plan que nós propoñemos, é cambiarlle o nome.

O sr. Alcalde toma a palabra: O que non podemos é estar aquí debatendo dez minutos, quince minutos sobras as emendas, acéptanse, ¿non se aceptan? Conforme están, supoño que serán conformes están presentadas por vostedes, ou non se aceptan.

O sr. González toma a palabra: A ver hai cuestións de procedemento, nós fomos os primeiros en entregar as mocións, pese a que era o verán todos temos vacacións e todos temos actividades, o que pasa é que temos unha capacidade de traballo que xa vemos que desborda a outros grupos, porque isto téñase que haber falado na comisión é así, non entregalo de sorpresa, en segundo lugar discutir agora sobre o nome, home pois seríamos ben pouco capaces, se aquí no Pleno somos capaces de sacar unha medida adiante tan importante como esta por cuestións de chamarlle Casa de Xuventude por Casa da Mocidade, eu desde logo pasaría vergoña diante da cidadanía non ser capaz de chegar a acordo, agora no primeiro dos casos non, porque saben vostedes que a Casa da Mocidade é unha chambonada que vai a facer este Goberno, que nos pode meter a nós nese tema, isto é para dinamizar o que xa temos, se vostedes son incapaces de facelo e ten que facer cousas novas gastando douscentos corenta e pico mil euros, e meténdolle un chusco a este Concello de corenta e pico mil euros anuais, que vai ser unha broma, e acórdense destas palabras porque llas vou a recordar, xa saben que eu teño boa memoria, entón o primeiro non, os outros si os aceptariamos, chámalle como queira por iso non vamos a discutir co BNG que xa sabemos que sempre quere poñer a súa nota, en vez de Museo da Música, Museo da Gaita de Fole, pois si tamén nos vale.



O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Ánxela, vostede acepta o plantexamento do Partido Popular?

A sra. González toma a palabra: Vamos a ver, eu quero deixar claro, que o plantexamento non se pode plantexar unha Casa da Mocidade ó lado dunha ludoteca, é que é inviable, ou vostedes non falaron con ningún mozo ou algunha moza, ou vostedes pregúntenlle algún mozo ou algunha moza do Concello se con 16 anos, 18 anos, 20 anos, 21 anos vanse ir a compartir espazos con nenos de 3 a 12, 13 anos, eu entendo a Manuel porque nunca foi mozo neste Concello, entendo, é dicir, o señor Manuel aterrar agora neste Concello, cadroulle así, saíu elixido e aquí está, eu entendo, eu que fun moza neste Concello sei perfectamente as eivas de non ter espazos onde reunirse. E eu que coñezo a mozos e mozas deste Concello dende que naceron, e lle preguntei se estarían dispostos a estar na Casa da Xuventude compartindo sitio, e dixéronme, si se nos contratas, porque a outra opción que teñen desgraciadamente e emigrar, grazas o Partido Popular, todo hai que dicilo e os recortes, entón, eu invito por última vez a que asuma estas tres realidades, ou senón non pode ser, e que o acordo case a parte máis importante do acordo, e crear un espazo porque vostedes traen isto de cara a galería, e así demostrano, tráeno de cara a galería, de repente, de repente, porque en 28 anos non se preocuparon, pero de repente preocupámonos polo mozos e polas mozas, nunca Chelo na Casa da Xuventude chovía cando entrabamos.

O sr. Alcalde toma a palabra: A ver por favor, non estamos en debate, acéptanse entón as emendas presentadas pola Concelleira de Mocidade, si ou non, neste tres termos, con estas tres condicións. A señora Ánxela González dixo que si se aceptaban os tres puntos ou non, é así, os tres puntos ou non, ela é a que presenta a emenda e é a que ten dereito a reclamar unha resposta.

O sr. González ten a palabra: Querido BNG, xa sabemos moitos, que levante a man quen naceu neste Concello, empezamos polo señor Alcalde que é de Pereiro de Aguiar, non creo que teñamos agora pureza de sangue, eu son máis galeguista ca moitos dos que se tachan de nacionalista e recórdollo, lémbrollo entón leccións poucas, de esa parte, con esa categoría pouca, e por último non, se ten que ser as tres en conxunto nos é para poñer en valor aquilo, non estamos en desacordo co que di, que ó mellor en vez de facer a Ludoteca si ese é o problema que o adique noutro sitio, ou que busquen outra actividade, isto trátase de poñer en valor unha Casa de Xuventude que levan vostedes ano e medio gobernando e está cada día peor, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Alégame que o señor Manuel saiba de onde son, a moito orgullo, deixemos isto, entón non. Non, prosegue o debate, ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Para acabar rápido, porque ó final en vez de estar falando aquí da



Xuventude, estamos aquí botando as cousas uns a os outros. Ben nós vámonos a abster porque primeiro xa dixemos o que nós pensamos,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non lle corresponde a vostede falar, correspóndelle a el, é así, correspóndelle a vostede, e despois vostede.

O sr. González toma a palabra: Moitas grazas, non pasa nada, hai que ter paciencia que estas cousas pasan, sen mala fe non pasa nada, o problema é cando é con mala fe e con pouca democracia por parte do señor Alcalde que se permite sempre falar de último, e non deixa aos demais. Decía don Ramón que nos alegra, eu penso que estamos de acordo, volvo a pedir desculpas porque ao mellor me expliquei mal, dicía que son menores e polo tanto de algún xeito desde o punto de vista legal ata certas actividades temos que orientalos e facelas incluso nós, fóra de iso loxicamente o consello son eles os que van a pedir, falabamos de que facer unha enquisa para que eles poñan as súas propostas e poñan en valor o que queiran facer aí loxicamente. A través do consello dámoslle ademais toda a liberdade de actuación como non podía ser de outro xeito, xa bastantes tarefas ten este Concello que resolver que aínda encima irse a meter aí nas actividades, non?, pero si apoialas economicamente, etc etc, traemos precisamente esta moción para axudar a que este Goberno non improvise continuamente, levan ano e medio dando leccións aquí de como se apagan os lumes desde a Xunta de Galicia, danos leccións de como se fai non sei que alí e alá, leccións de galeguismo, leccións de nacionalismo, non, así non van ben, entón nós como seguimos na liña do Partido Popular desde que estamos aquí na oposición, que é de aportar ideas, aportar ideas en positivo, por iso estabamos dispostos a non discutir polo nome, se lle quere poñer o BNG poñer, pois póñase vostedes a medalla, a cidadanía sabe ben que o servizo é o que conta, que é o que fixemos nós sempre xestión, xestión e xestión e traballo ben feito. Aparte para exemplos, que pasou co campamento feito a última hora, máis improvisación ningunha. A dona Ánxela pois iso dicirlle o mesmo, que levan ano e medio e que fixeron na Casa da Xuventude?, nada, absolutamente nada, que fan un Instituto, que fixeron co Centro de Saúde, co Pediatra, que fixeron coas piscinas, pobre xuventude, vaian a ver cantos foron a curarse, que fixeron coas piscinas, iso é apoiar á xuventude?, anda, hai que ter un pouco de vergoña allea de vez en cando pola súa parte, en fin, esperten, están gobernando, non están na oposición, nós traemos isto para unha medida boa, penso que estamos todos no espírito de acordo, se queren cambiarlle o nome cámbienllo, pero por iso non imos a discutir pero saquen iso adiante que eu creo que os mozos e mozas de Barbadás llo van a agradecer, nacer en Barbadás, nacer en Pereiro, nacer en Ourense, eu creo que pedigrí de aquí, que somos todos de fora, grazas a deus, vimos aquí porque non gusta este Concello, e amámolo iso é o que



conta, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, nós vámonos a abster porque total nós, salvo que retiraran o primeiro acordo ata o punto d) e non o van a facer porque se non, polo argumento que dixemos antes non estamos a favor do intervencionismo por parte do Concello, no tema da Xuventude si, non porque non estamos de acordo un plan integral de xuventude participativa, iso é unhas letras aí que non saben o que significan, participación e autoxestión, por unha parte estámolle dicindo que se autoxestionen, pero estamos creando todo, creando o Consello de Xuventude, apoio técnico e posta en marcha do Plan Integral (que non sabemos o que é), contratación do equipo técnico, ou sexa contratar xente para dicirlle aos mozos o que van a facer, para onde levalos, ou sexa nós non estamos de acordo con iso, estamos de acordo co programa de formación e información, financiamento municipal directa para todas aquelas propostas que eles unha vez que teñan constituídas as súas asociacións, os seus grupos, e lle fagan participes ao Concello para que os axuden, e logo si o da enquisa e o informe de acordo, nós que pensamos que a Casa da Xuventude existe, sempre o pensamos non é para eses mozos, está ben para rapaces de ata 12 anos, porque de feito o anaco que queda para os mozos ían alí os que son así un pouco de 10 anos, ían a xogar alí e tal e ó final eles non tiñan o seu espazo, os mozos necesitan o seu espazo, é o que pensamos que necesitan o seu espazo para eles solos, non necesitan ordenadores, os ordenadores téñeno nas casas e tablets, o que hai que programar do Goberno é que haxa nese espazo que teñan eles, que haxa campionatos para xogar ca wii, ou campionatos de isto ou de aquilo, para atraelos alí e que eles mesmos busquen o asociacionismo entre eles, aqueles que sexan máis, porque non todos os mozos son iguais, uns queren participar nunhas cousas e outros queren andar as súas cousas noutro sitio, non van a ir todos a Casa da Mocidade, o que si temos que facer atractiva esa casa para que vaian alí e con cousas que eles campionatos e cousas desas e logo irille promovendo alí o que falabamos antes, semana disto, semana de aquilo e despois un colectivo que son rapaces de 12 anos o de 13, logo viran uns de 17 non, non, pero isto non é un plan integral, isto é poñer unha casa, é un pouco, non dirixir pero ir facendo cousas para ver si imos atraendo aos rapaces para alí, e facemos atractivo ese local, non empezar a casa por o tellado, tampouco estamos de acordo co Consello Municipal da Mocidade, igual que non estabamos de acordo con, si na teoría si, o consello municipal de participación veciñal tamén, pero a práctica dinos que empezamos as cousas polo tellado, eses grandes plans, eses grandes consellos e o final vólvense en contra de nós, e quedan os espazos baleiros e ninguén vai a participar, entón imos a facer as cousas un pouco, expoñéndoas pero sen querer



intervir demasiado neles, e ogallá que teñamos éxito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Non teño nada que dicir, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, señora Ánxela González por favor.

A sra. González toma a palabra: Respecto aos acordos dicir que teñen que ser así porque ademais queda moi claro que o punto un é fundamental, despois dicirlle que actividades de mocidade fixéronse, fixéronse ao largo da lexislatura de feito fixéronse con unha subvención da Deputación, fixéronse concursos, fixéronse talleres de prevención da LGBT, fixéronse de bulling escolar, desde a escola de música inténtase estanse intentando potenciar, é un dos obxectivos prioritarios potenciar a creación de agrupacións xuvenís, de feito unha xa saíu adiante, mantense o do teatro xuvenil, que xa o tiñan vostedes, creouse unha zona de estudio na Biblioteca para mozos e mozas a raíz da entrada deste Goberno no Concello ó separar a Biblioteca Infantil, vaise facer un concerto de rock, vai a ver un concurso que se denomina lingüereteando con unha categoría específica xuvenil entre 16 e 30 anos, cousas que a vostedes nunca se lles ocorreron a pesar todo isto de non ter espazo, isto a pesar de non ter espazo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, polo tanto xa pasaron as dúas quendas de palabra, polo tanto sometemos esta moción do Partido Popular a votación, votos a favor?, abstencións?, en contra? . Sen máis sométese o asunto a votación **resultando rexeitada** cos votos a favor do PP, os votos en contra do PSdeG-PSOE, e BNG e as abstencións de Democracia Ourensana e Grupo Mixto o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular de Barbadás para a dinamización da Casa da Xuventude e posta en marcha de novas alternativas**”

11.- MOCIÓN PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do PP para a mellora da seguridade viaria, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A presente moción recolle unha serie de peticións dos veciños e veciñas de Barbadás, co último fin de mellorar a seguridade viaria do pobo de As Lamas, sobre todo no tocante ós pasos de peóns e sinalización viaria, evitando deste xeito, accidentes que poñan en perigo a seguridade e a integridade física de condutores e viandantes, reducindo ó mesmo tempo os problemas do tráfico.

A posibilidade de advertir a presenza dos peóns e doutros vehículos por parte do condutor faise



fundamental para deter o automóbil con antelación.

Nos días de pouca luz, por mor das inclemencias metereolóxicas, ou horas nocturnas, incrementan notablemente o risco de accidentes.

No noso municipio detectamos numerosos pasos de peóns que non contan con esa visibilidade, e viais demasiado estreitos que poderían ocasionar accidentes non desexados.

Acordos:

1.- Instar ó grupo de goberno a tomar as medidas necesarias para que os servizos técnicos municipais realicen un estudo preliminar e posterior informe onde se contemple:

- a) A visibilidade de todos os pasos con relación ós vehículos próximos a eles, para evitar a presenza de obstáculos que impidan ver con anticipación suficiente ós peóns que accedan a un paso.
- b) Definición como “ paso de peóns con iluminación óptima, deficiente ou nula”.
- c) Incidencia de falta de rebaixe ou deficiencias na sinalización horizontal ou vertical.
- d) Incidencias dos pasos de peóns nos que a súa ubicación non sexa a máis axeitada e lugar de reubicación nun lugar máis óptimo.

2.- Instar ó grupo de goberno, unha vez realizado o estudo pertinente, para dar resposta inmediata ás deficiencias máis urxentes.

3.- Dar prioridade urxente ó borrado das liñas do paso de peóns que se atopa no cruce da Avda. De Celanova coa Rúa do Viso (fronte a Mercadona) e colocar un sinal de prohibido xirar cara a esquerda en dirección ó devandito centro comercial.

4.- Permitir a visibilidade dos pasos de peóns cos vehículos aparcados nas súas proximidades e prioridades nas zonas de “carga e descarga”

5.- Instalación urxente de semáforos no pobo de As Lamas:

Primeiro semáforo no Campo de o Cruceiro.

Segundo semáforo no Cruce da Rúa do Enxido coa Rúa do Río e a Rúa do Pendello.

A sra. Vispo toma a palabra: O Partido Popular segue a traballar por mellorar o Concello, a moción que traemos neste intre para mellorar a seguridade viaria, non vou a ler a moción son as once menos cinco da noite, todos o tendes nas vosas mans, e o que queremos e que todos vemos facebook, vemos todas as redes sociais, e esta moción a trae o Partido Popular porque o que vimos durante estes meses que vostedes están gobernando, é que tivemos que traer que os pasos de peóns había problemas ás oito da mañá para que as luminarias que avisan que hai un paso de peóns se arranxaran, arranxáronse, agradecidos ao grupo de goberno de que arranxara todo este tema, pero vemos que aínda hai moitos



problemas no Concello, entón vamos a seguir traendo este tipo de mocións para mellorar a seguridade viaria, estes días en facebook veríano que incluso xente do seu partido que ía nas súas listas deunos a razón, e é que un dos veciños case atropela na zona dos Patos estes días a un pequeno, a un pequeno e efectivamente non hai visibilidade porque a xente segue aparcando ó lado dos pasos de peóns, hai unhas zonas amarelas que para iso está a Policía Municipal e téñense que pórse a funcionar, hai que multar á xente para que aprenda, hai un paso de peóns que está cerca do Mercadona que está mal pintado, dixémolo cantidade de veces, vemos como a xente cruza igual aínda, imos a ver ese paso de peóns está mal borrado incluso dito pola Policía Local, senón pregúntenlle e a xente segue cruzando, ata que haxa unha desgraza, que todos os veciños vemos o que pasa, e hai algo máis, vostedes saben que en ese paso de peóns hai unha boca de rego que se tapa cos coches que aparcan aí?, nin idea, porque senón tomarían medidas, entón imos que seguir traendo os deberes para que vostedes os fagan, fagan ben os deberes, imos a ter un contratempo, volve agora o outono e o inverno, recórdollo oíto da mañá non se ve, os furgóns aparcados, o furgón do polbo, imos a ver tomen medidas é que hai que seguir dicindo porque o día que pase algo despois de traer todas estas mocións seguen sen facer os deberes. Traemos tamén, hai un problema en As Lamas, onde como saben, habería que poñer un sistema, nós o que tremos é unha proposta a nós danos igual os semáforos ou o que poñan, Ánxela eu vivo alí, ti tamén, a xente pediunos que poñamos unha medida porque nos encontramos, a mi tenme pasado que encóntrome na metade e hai que dar marcha atrás, co conseguinte perigo que te pegues contra unha casa ou que raies o teu coche e claro o que ten prioridade, entón o que está máis arriba por educación a veces xa o deixas pasar, entón a ver aí hai que tomar unha serie de medidas, eu non digo, vamos a ver nós dixemos o do semáforo pero o mellor hai outra cuestión que se poda arranxar, que non votedes a man a cabeza, nós traemos propostas porque a xente, os veciños falan con nós e no lo pediron, se o traemos é porque nolo pediron, a parte eu vivo abaixo, eu con vir por abaixo o teño claro, pero hai que axudar a todos os veciños a que teñan a posibilidade de poder, de ter unha seguridade viaria e que non se enfronten coche contra coche, entón, o punto 1 instar ao grupo de goberno a tomar as medidas necesarias para que os servizos técnicos municipais realicen un estudo preliminar e posterior informe onde se contemple:

- a) A visibilidade de todos os pasos con relación ós vehículos próximos a eles, para evitar a presenza de obstáculos que impidan que con anticipación suficiente ós peóns que accedan a un paso.
- b) Definición como “ paso de peóns con iluminación óptima, deficiente ou nula”. Isto dígoallo para que se hai un problema. Incidencia de falta de rebaixe ou deficiencias na sinalización horizontal ou vertical.



Incidencias dos pasos de peóns nos que a súa situación non sexa a máis axeitada e lugar de reubicación nun lugar máis óptimo, polo tema da boca de rego. Instar ó grupo de goberno, unha vez realizado o estudo pertinente, para dar resposta inmediata ás deficiencias máis urxentes. Dar prioridade urxente ó borrado das liñas do paso de peóns que se atopa no cruce da Avda. De Celanova coa Rúa do Viso (fronte a Mercadona) e colocar un sinal de prohibido xirar cara porque a xente segue xirando para arriba. Permitir a visibilidade dos pasos de peóns cos vehículos aparcados nas súas proximidades e prioridades nas zonas de “carga e descarga”. Instalación urxente de semáforos no pobo de As Lamas: Primeiro semáforo no Campo de o Cruceiro. Segundo semáforo no Cruce da Rúa do Enxido coa Rúa do Río e a Rúa do Pendello, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor. Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, imos a ver estamos de acordo co primeiro, segundo, terceiro e cuarto acordo supomos que a dende a Concellería pertinente estarán ó tanto destes problemas e senón se subsanaron que se subsanen canto antes porque son cousas do día a día, e necesítase para a seguridade viaria. Non estamos de acordo co último punto porque non nos chegaron, ou sexa, non, a veciñanza de As Lamas non o pide e en todo caso si que sería mellor, preceptivo facer un estudo como cando colocan nas rúas ou nas estradas os, para medir a afluencia de vehículos e por un sitio determinado, entón si realmente o sitio require a instalación duns semáforos pois poderíase levar a cabo sempre e cando a veciñanza estea de acordo. Neste momento cremos que a maioría da veciñanza non quere os semáforos por iso o punto 5 non estamos de acordo, aparte seguramente noutros lugares do Concello pasaría exactamente, identicamente o mesmo entón isto abriría a porta a que ó mellor unha persoa que non representa a totalidade da veciñanza e pedira que se instalaran tamén os semáforos e entón pola mesma regra de tres teríamos que instalar en moitos máis sitios non só en As Lamas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu con esta moción estou de acordo en puntos tamén, sobre todo no tema en canto os pasos de peóns en A Valenzá porque é unha confusión, está pegado o antigo haberá que botarlle algo á estrada, porque é que parecen dous seguidos, ou sexa realmente da lugar dá lugar a confusións, os veciños que somos de aquí pois sabemos que é o de atrás ou sexa o seguinte na recta, pero persoas que veñan de afora “a priori” cando ven iso frean, dá lugar a equivocacións, entón eu penso que a sinalización dos pasos de peóns son moi importantes, pero tanto nese borrado obviamente que só quede un, e nos outros que haxa pois sinalizalos ben porque é certo que o PP xa díxoo varias



veces que está mal sinalizado se é de noite en A Valenzá xa se ten atropelado a unha persoa por non sinalizar, eu penso que non nos costa nada sinalizar ben as cousas sobre todo para evitar incidentes, entón todo o que poidamos facer por seguridade viaria das persoas benvido sexa, eu si estou de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Aclaración non levamos un ano e medio, levamos un ano e vai facer o día 13 un ano e tres meses. Deberes que fai a oposición, nós estivemos na oposición, é a súa labor, facer unha oposición construtiva, traer propostas, é o que lle queda non se queixen tanto de que traen propostas construtivas, teñen que facelo. Querémoslle deixar tamén moi claro que antes de levar a cabo calquera actuación relacionada coa seguridade viaria consultamos cos técnicos a súa efectividade e a súa idoneidade, este informe vostede solicitan que ultimamente parecen ser expertos en solicitar informes, xa un Concello non se cambia a base de informes, este informe que vostedes solicitan non é un documento pechado e escrito, dende o goberno temos unha folla de ruta que é obxecto dun continuo proceso de actualización, nesa folla de ruta unha parte dela coñécena vostede a través do plan plurianual que lle entregamos hai meses, este goberno aposta por documentos vivos, feitos a base de informes realistas que obedecen a múltiples factores e non só a peticións individuais, tanto os técnicos en seguridade viaria, coma os de urbanismo son consultados continuamente respecto de calquera mínima modificación, ou nova intervención a acometer, a visibilidade nos pasos de peóns é unha cuestión que nos preocupa e por este motivo á hora de elaborar o plan de actuación para poñer en marcha o camiño escolar xa se tiveron en conta as dificultades que existen xa se prevé neste plan de actuación suprimir nos estacionamentos no sentido da marcha que é o que se está facendo, noutros lugares algo consultado con técnicos expertos na materia como as persoas que forman parte de stop accidentes, nos lugares previos ós pasos de peóns. Está prevista tamén unha ampliación nun dos puntos de A Valenzá nos que a visibilidade se ve mermada nas horas puntas na confluencia entre a rúas Garrida e Burgas coa a avenida de Celanova, o paso de peóns que estaba preto do nexo entre as rúa do Viso e a avenida de Celanova está borrado dende hai meses e cambiada a súa sinalización, non está sinalizado ese paso de peóns, non existe está borrado e non existe, está borrado evidentemente, o sinal de prohibido de xirar a esquerda está mercado e pendente de colocación dende hai semanas vostedes, tiveron unha década para colocar ese sinal e non o fixeron, nós xa o compramos, en menos dun ano xa o compramos en menos dun ano porque só temos hai varias semanas e vámolos colocar e relacionado tamén co que vostede dicía da boca de rego, como ese



sinal xa compramos un sinal ben grande que se sae de fóra das dimensións habituais dos sinais, témola que colocar nun soporte que utilizamos para farois e vai xa, vamos matar varios paxaros dun tiro, e vámolos colocar na boca de rego para que xa esa boca de rego quede libre e non aparquen aí os vehículos. Dos semáforos de As Lamas pouco temos que dicir, máis que botarnos as mans á cabeza so quedamos abraiados con esta petición, durante 8 anos que estiven na oposición nunca tivemos unha solicitude neste sentido, e dende a asociación de veciños nunca en un ano e case tres meses se fixo petición algunha neste sentido, ningún veciño nin veciña en máis de un ano presentou nin por escrito nin verbalmente a este goberno unha petición neste sentido, os tan solicitados informes técnicos desaconsellan a instalación de semáforos en calquera punto do Concello en principio e por agora a base de criterios e nese caso un dos criterios fundamentais é a densidade do tráfico non hai densidade suficiente para instalar un semáforo aí, sería un desperdicio de diñeiro. Tampouco teñen habido accidentes nin incidentes nesa zona, por iso non o aconsellan os informes técnicos, e tamén por motivos de ralentización do tráfico, non sei que tempo me queda ou se o deixo para a segunda intervención. Segundo razoamento simplista ó que recorren vostedes habería que colocarse semáforos en Bentraces, casco vello, en Sobrado, en Loiro, en Piñor, na rúa Requeixo, en todos estes pobos hai os mesmos puntos conflictivos que hai en As Lamas, en milleiros de pobos de Galicia porque supoño que vostedes terán visitado, vostedes piden que deamos resposta inmediata ás deficiencias en seguridade viaria levámolo facendo durante un ano e case tres meses, rampla de acceso ás piscinas, creación dun paso de peóns no paseo dos Amieiros para precisamente acceder ás piscinas máis comodamente e seguramente, reestruturación do tráfico da zona Lidl e zona Carrefour, eliminación de barreiras na zona da ponte de Vilaescusa, creación de pasos de peóns en Barbadás, etc, etc, etc.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: É que non sei por onde empezar. Vamos a ver, agora voulle a dicir eu que non saben ler, porque instar ó grupo de goberno a tomar as medidas necesarias para que os servizos técnicos municipais realicen un estudo preliminar. Eu, o grupo Popular non estamos dicindo que lle poñan semáforos, senón que realmente ó mellor ou estudo ou outra cousa se pode facer. Vamos a ver seguridade viaria dona Victoria Morenza, seguridade viaria e seguridade veciñal, porque vostede dime a rampla das piscinas, é que encantoume o da rampla para que se vaian a rabuñar, a romper os bañadores, sabe?, iso é a seguridade veciñal, ata lle pecharon a piscina, que moita xente nin o sabe, xa ve que somos bos que ata estivo pechada a piscina porque non cumpría a normativa sanitaria e estamos caladiños, porque xa todos os veciños saben perfectamente o que hai, entón, vamos



a ver seguridade viaria, nós o que traemos é que é casualidade que sempre que traemos unha ordenanza, perdón, a estas horas non coordino moito, unha moción, todo vai ser grande para que se vexa todo vai ser grande todo vai ser non sei que, e vostede xa o comprou fai 40 meses, pero se levan un ano e tres meses e a xente ten problemas con ese de paso de peóns antes ben dicía o Tenente Alcalde está borrado, claro que está borrado, pero brilla, entón haberá que facer algo para que non brille, porque a xente segue cruzando, vostede vai poñer ese sinal monstruosa onde tal e di que se vai saír de tal, pois ó mellor non sei, entende, pero un sinal pequeno onde poña prohibido xirar xa a xente, ou que a Policía con dous ou tres avisos o boca a boca neste Concello funciona, entende, todo temos que traelo para que vostedes digan que xa o fixeron, ou que o van facer, ou que xa está próximo, pero se todo o que fan Deus meu hai que rectificalo e hai que volver a facelo, a ver que fan coas piscinas por Deus, que isto é unha vergonza de Concello, parques e xardíns, a xente quéixase nas torres abaixo de como están os xardíns, e despois temos unha asociación de animais aquí, entón se estou metendo todo porque me parece vergonzoso que alguén traia unha moción ben feita, que vostedes digan si, si, vaise facer, e todas as mocións que trouxemos toda a oposición que facemos o traballo, que facemos o traballo, para seguir sumando e non fan nin caso ás mocións, apróbanas e déixanas en desuso, pero que queren que faga xa, cáleme.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Señor Ramón Padrón por favor.

O sr. Padrón toma a palabra: Vamos a ver, señor Manuel traer unha moción antes non garante que estea mellor feita ca outras, nós non vamos a apoiar, aquí pon instalación urxente de semáforos no pobo de As Lamas, nós non estamos de acordo con iso, entón non podemos apoiar a moción, si que estamos nunha cousa de acordo que queremos todos dicir que o borrado das liñas si que se fixo pero seguen sendo visibles, polo tanto canto antes se borren totalmente que non se vexan nada nin que se aprecie que aí houbo un paso de peóns, que aí houbo un paso de peóns, máis pronto se axeite, ou sexa, se acostumarán a xente a cruzar polo outro paso e esqueceranse co tempo como pasa con todas as cousas de que aí existiu un paso de peóns, pero algo aínda se segue notando polo tanto como a xente está acostumada a cruzar por aí pasa o que pasa, entón canto antes se solucione iso mellor. Nada máis o resto xa digo si, hai que arranxar todos eses temas pero instalación urxente de semáforos no pobo de As Lamas non o vamos a apoiar, se se retira non hai ningún problema aprobar, arranxar os pasos de peóns e solucionar e poñer o sinal como dixo que a ían a colocar claro non, eu non vou a aprobar unha moción que pon instalación urxente dos semáforos, xa polos motivos que dixen antes nada máis, que se poña, que se a veciñanza, se hai unha demanda da veciñanza ou da maioría da veciñanza de As



Lamas en que aí hai un problema se coloque primeiro, pero que lle fagan, faranlle, estou na quenda, a ver, se chega a existir, hoxe non o hai, a ver, nós consultamos, a ver estou eu falando, e quero a miñas mocións senón vai pasar como pasou da outra vez, entón é que estamos debatendo unha cousas que vamos isto, a nosa veciñanza consultámolo non nos dixo non nos expresou esta demanda entón, agora se máis adiante se produce esa demanda de parte da veciñanza pois si, que coloquen uns aparatos para medir primeiro será colocar os aparatos para medir efectivamente que hai os coches que pasan por alí e logo despois levar a actuación que sexa, agora mesma instalar urxentemente uns semáforos non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas

A sra. Varelas toma a palabra: Como dixen antes hai puntos que si estou de acordo e noutros non estou de acordo, por exemplo o dos semáforos se os veciños non o piden o normal é que haxa unha, os veciños suficientes para pedir iso, non só que un veciño o pida, entón claro non vamos votar todo se retira ese punto de máis, eu atópoa razoable sinalizar ben os pasos de peóns, que se borren mellor ou que se tape, ou que se faga algo, pois si estou de acordo, pero en canto ós semáforos pois como dixo antes Victoria cumprirían semáforos en todos os pobos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Victoria Morenza ten o uso da palabra.

A sra. Morenza toma a palabra: Evidentemente nós non damos pasos de cego, vostedes presentaron unha moción o 26 de agosto de 2016 e poden consultar esta factura en intervención con data moito anterior. Falan vostedes de iluminación pretenden darnos clases de seguridade viaria, mire o paso de peóns que cambiamos na confluencia da rúa Viso coa avenida de Celanova e que colocamos máis adiante preto dunha cafetería, colocámolo precisamente para aumentar a seguridade viaria contando co informe coanuencia dos informes técnicos e ademais un elemento fundamental foi que alí había xa un previo rebaixe nun dos lados e que había un farol mesmo enriba do paso de peóns, fíxese senón pensamos as cousas. Evidentemente podemos recoñecer que o borrado, ou sexa o repintado do asfalto puido haber quedado non o suficientemente, pode inducir a erro e comprometémonos evidentemente a traballar sempre pola seguridade viaria trataremos de solucionalo, ó mellor solucionámolo antes do que vostedes pensan, pavimentando, creando unha nova capa de rodadura a famosa reforma que vostedes ían a facer e que non lles deu tempo a facer e a cidadanía os puxo aí e quizais ó mellor o fagamos ou quizais o borremos e montemos unha polvoreira en toda A Valenzá e despois xa teñen outro motivo para poñer no facebook a polvoreira que armamos ou borrar o paso de peóns que ese foi o motivo polo que se pintou, porque se producía unha polvoreira e unha inseguridade no tráfico moi elevada, fíxose por iso, pero se vostedes queren tamén logo nos encargaremos de dicir que foron



vostedes os encargados de levantar a polvoreira e antes de chegar aquí, e antes de facer os informes técnicos por escrito evidentemente esta Concelleira falou co xefe da Policía Local que é o fai os informes de seguridade viaria e desaconsellou como lle digo a instalación de semáforos na rúa Canastro ou na rúa Cruceiro. Non, non o pensou, eu plantexei a proposta que facían vostedes porque evidentemente nós consultado porque non damos un paso sen falar cos técnicos municipais, non facemos coma vostedes actuaban dando bandazos, tiveron dez anos para colocar un sinal e non foron quen de localos, dez anos e agora veñen aquí pedindo como auga de maio, por favor, unha década e non foron quen.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor da moción. Non contestaron a esa pregunta. Decidan por favor. Votos a favor polo tanto, retírase

A sr. Secretaria toma a palabra: Retírase o punto 5.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor, abstencións

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** cos votos a favor do PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto, e as abstención do PSdeG-PSOE e BNG o seguinte acordo: **“Moción do PP para a mellora da seguridade viaria: 1.- Instar ó grupo de goberno a tomar as medidas necesarias para que os servizos técnicos municipais realicen un estudo preliminar e posterior informe onde se contemple:**

a) **A visibilidade de todos os pasos con relación ós vehículos próximos a eles, para evitar a presenza de obstáculos que impidan ver con anticipación suficiente ós peóns que accedan a un paso.**

b) **Definición como “ paso de peóns con iluminación óptima, deficiente ou nula”.**

c) **Incidencia de falta de rebaixe ou deficiencias na sinalización horizontal ou vertical.**

d) **Incidencias dos pasos de peóns nos que a súa ubicación non sexa a máis axeitada e lugar de reubicación nun lugar máis óptimo.**

2.- Instar ó grupo de goberno, unha vez realizado o estudo pertinente, para dar resposta inmediata ás deficiencias máis urxentes.

3.- Dar prioridade urxente ó borrado das liñas do paso de peóns que se atopa no cruce da Avda. De Celanova coa Rúa do Viso (fronte a Mercadona) e colocar un sinal de prohibido xirar cara a esquerda en dirección ó devandito centro comercial.

4.- Permitir a visibilidade dos pasos de peóns cos vehículos aparcados nas súas proximidades e prioridade nas zonas de “carga e descarga”



12- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA RESOLVER Ó ACCESO ÁS EMPRESAS QUE SE ENCONTRAN Á BEIRA DA ESTRADA DE CELANOVA Ó SEU PASO POR BENTRACES.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto para resolver ó acceso ás empresas que se encontran á beira da estrada de Celanova ó seu paso por Bentraces. Ten a palabra o seu voceiro

O sr. Padrón toma a palabra: Moitas grazas. Traemos ao Pleno Municipal esta problemática para o seu debate e resolución a instancias do colectivo veciñal de Bentraces e afectados, As recentes melloras no firme da estrada de Celanova trouxeron consigo ao seu paso por Bentraces que se pintase dobre liña continua na zona lonxitudinal ás naves de empresas que existen no lugar. O motivo desta moción é resaltar que os vehículos que circulan dirección Ourense non poden xirar á esquerda onde se encontran as empresas, pola existencia desta dobre liña continua, o que os obriga a baixar ata o cruce que conecta ca autovía A-52 e cos nosos veciños de San Cibrao. Alí fan o cambio de sentido e volven a subir ata o lugar que nos ocupa. O percorrido é longo sempre pensando que se fala de camións de gran tonelaxe que non poden facer o xiro onde o centro empresarial polas raquíticas medidas do paso entre Pontón e CET. Non sabemos cal foi o motivo desta decisión, tendo en conta que ata a data destas melloras existía liña descontinua que permitía facer ese xiro. Ademais, logo da intervención que fixo a Xunta de Galicia, comprobamos que os vehículos seguen a facer o xiro. As marcas de neumáticos que se aprecian por riba da pintura así o delatan, Todo isto supón un perigo tanto para os que soben coma para os que veñen por detrás destes vehículos que realizan o xiro de igual maneira. Aquí temos outro exemplo máis de como a administración actúa de costas ós cidadáns cando se fai unha actuación deste tipo é necesario primeiro informar para chegar a unha solución que satisfaga a todos os afectados, usuarios da vía, empresas e veciños e veciñas propietarios das fincas. Polo tanto, traemos os seguintes acordos. Aquí quero dicir que vamos a retirar o primeiro acordo que dicía: Instar ao grupo de goberno que reclame da Xunta de Galicia o restablecemento da liña descontinua existía anteriormente con toda a sinalización necesaria para garantir a seguridade neste tramo de estrada. Por información que temos esa liña é descontinua non a pintou a Xunta senón que ó parecer estaba pintada non se sabe por quen, ou se borrou a que había continua, e non estamos seguros, pero ó parecer foi así. A Xunta de Galicia di que ten que obrigatoriamente que pintar liña continua nese tramo porque así obriga a Lei de seguridade viaria, polo tanto retiramos ese primeiro acordo porque se é algo ilegal poñer liña descontinua xa que a Xunta non foi quen a pintou no seu día ou borrou a continua para que parecera descontinua retirámolo. Agora si o segundo punto concretar unha reunión cos afectados do lugar para



elaborar un informe recollendo a proposta máis axeitada para a solución do problema, remitíndolle á Xunta para que inicie as actuacións precisas. Nós aquí pensamos que se debería unha idea pero nunca iso téñeno que dicir os afectados sería que morrera o carril lento antes da entrada esa que porque se facía e que se habilitara no medio un ceda ó paso como existe no cruce anterior que colles para Sobrado, sempre e cando a Xunta pedirá seguramente que haxa que ampliar aparte a vía de servizo que usan esas empresas seguramente para que os camións poidan facer, teñan máis tramo ou máis sitio para facer as manobras que fan, pero esa sería a nosa idea, pero de todas formas iso ten que ser con unha reunión cos afectados, onde se chegue a unha solución. Outra das solucións sería como levamos no punto 3, instar á propia Xunta a que execute canto antes a ampliación do paso entre Pontón e o CET, xa que no seu día como pasou aquí en moitas cousas quedou un paso raquíptico cando poida haber quedado un túnel un pouco máis amplo que agora nos solucionaría algún problema porque xa non terían que ir tan abaixo eses vehículos. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Dicir que estamos de acordo na moción que presenta Padrón a ponte esa que hai, o túnel ese só colle un coche e é ben estreito, e entón a ver se o Concello pode falar coa Xunta e a ver como se pode solucionar o tema para que haxa un acceso viable e fácil para a xente. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Villanueva toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. Eu reitero co grupo do noso partido vámonos abster, pero esa estrada foi posta aí porque houbo unha gran sinistralidade nela foi aberta no 90 aí houbo un montón de xente que quedou aí, e entón non hai tanta distancia hai 2 quilómetros 700 o que si está mal son tanto o acceso de Sobrado coma na A-52 ca 540, porque ti si saes da A-52 para 540 tes que facer tres stops, o que sae de adiante ten que facer un segundo stop entón o que ven detrás queda no medio do carril, iso si que é un problema o de arriba non porque teñen unha vía de servizo e temos hai en todos os polígonos en todas as zonas industriais pásalle o mesmo, de feito na zona Barreiros se ti te confundes tes que ir dar a volta ou a Reboredo ou tes que ir a dar a volta ó pasar onde vai aí o do Baltar, aí si que hai máis quilómetros, entón teñen unha vía de servizo e o que hai que arranxar é os accesos á vía de servizos, que neste caso habería que facer dúas rotondas porque baixando Loiro ó chegar a Bentraces para entrar a Barbadás para Sobrado como lle chames tes que facer un ángulo de máis de 90 grados porque agora que volver para atrás entón aí si



que hai que facer unha rotonda, vía de servizo xa a teñen, entón se fan alí unha rotonda o que se podería é alargar a vía de servizo ata a rotonda, pero onde está alí os hormigóns, onde están as empresas esas sempre que haxa dous carrís nun sentido nunca che van deixar cruzar a estrada, e entón iso non nos vamos a abster pero é tempo perdido, o que hai que facer é os accesos da rotonda para evitar todos eses problemas, porque sobre todo na A-52 para cruzar tes tres stops seguidos, por aí en 30 metros, entón 3 coches a unha media de 5 metros cada coche xa ocupas todo, aí si que é un problemas e levamos así, pois dende o 2000 que se abriu esa e ninguén está expropiado teñen para facer unha rotonda e aínda nunca ninguén se preocupou por iso, agora que arriba lle puxeron unha liña continua si que se preocuparon, esa liña continua puxéronlla pero xa estaba posta, que iso antigüamente viña a liña discontinua ata onde estaban os maniquies, de feito a xente despois pasaba a liña continua e atopábase nun cambio de rasante que é onde houbo moitos accidentes, entón iso non, ou sexa, iso dá moi mal arranxo, o arranxo está nas rotondas, ou sexa facer unha rotonda, porque da maneira que quedou agora tamén feito iso tamén está mal ou sexa é unha chafullada todo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do grupo de goberno.

O sr. Sierra toma a palabra (PSdeG-PSOE): Boas tardes a todos e a todas. En primeiro lugar comentarlle que esta é unha de tantas herdanzas deste tipo que recibimos do goberno anterior do Partido Popular, onde se comezaba a casa polo tellado deixábase facer e logo se pensaba nos que había facer, polo que os problemas teremos que solucionarlos outros, porque eles tempo tiveron de abondo pero non o fixeron ou non quixeron xa que isto ven de moi lonxe, quero dicirlle que cando se comezou a mellora do firme e aínda sen pintar a estrada dous empresarios, viñeron ata o Concello e se reuniron comigo para explicarmo o problema que se lles presentaba, polo que este Concelleiro púxose en contacto cos propietarios da estrada que como saben é a Xunta de Galicia e onde se me informa polos responsables técnicos que se desprazaron ata o lugar das obras que se van a acometer polo que lle comento a problemática na que se atopan os empresarios e onde eses mesmos responsables da Xunta me din que esas naves industriais nunca se deberon de facer nese lugar, porque a estrada é anterior ás naves e que se tiña que dotar primeiro duns accesos axeitados e non primeiro facer as naves e logo pedirle á Xunta que lle solucionaran os problemas plantexados por outros. Ante esta situación falo co responsable de estradas da Xunta en Ourense e solicito unha reunión con el onde lle dixeran tamén que iría acompañado por un dos empresarios dixo que xa me chamaría pero por agora aínda estamos agardando, polo que se lle enviou un correo electrónico solicitando unha nova reunión. Quero



tamén comentar que con esta xente da Xunta todo o que lles solicitamos sempre nos atenderon cordialmente polo que persoalmente lles dou as grazas. Outra das razóns e a máis importante é a seguridade viaria que segundo norma da Comunidade Económica Europea está prohibido atravesar dous carrís dunha tacada polo que eles non poden dar o visto e praxe a iso xa que os faría cómplices e se hai un accidente serían os responsables, en canto ó segundo punto da súa moción, xa lles expliquei que xa se solicitou unha reunión a tres bandas entre empresarios, responsable da Xunta, e Concello para poder atopar unha solución e onde estamos pendentes da data. No referente a ampliación de paso para Pontón somos conscientes de que quedou estreito e de que se pode solicitar unha ampliación do túnel pero mentres non se faga pódese desprazar o canal de recollida de augas polo viario para o centro cunha rexilla polo que aumentaríamos o ancho medio metro xa que o túnel ten 3,80 de altura por 4 de ancho, e onde unha parte de camións non moi grandes poderían pasar a través del así como solicitar un carril de desaceleración se é posible dende Celanova á entrada de Pontón, no referente a súa moción que isto xa nos dixo que o ía retirar polo que xa non comento nada máis. O restablecemento da liña discontinua. Pois moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu quero repetir simplemente o que pon a moción, a moción traslada unha preocupación duns veciños, dunhas empresas, duns propietarios e non, nós no poñemos aquí solucións porque primeiro non somos quen para dicir o que ten, o que hai que facer o que está claro é que hai un problema que uns vehículos teñen que facer un percorrido moi longo, e esa xente quéixase entón é buscarlle unha solución, nós o que pedimos unha vez retirado o primeiro punto concretar esa reunión para que se busque unha solución se a solución e dixeran falei de suprimir, ou sexa a máis barata é suprimir un dos carrís como pasa arriba había de servizo que habería que ampliala para que o xiro dos camións ou dos vehículos fora segundo a lei o pide e nada máis, e unha solución a máis barata a rotonda é unha solución máis cara pero iso xa depende de como falou o señor Marabú doutras, expropiacións e cousas que había por alí, nós xa digo na moción non entramos na solución do tema, entramos en que se concrete unha reunión cos afectados do lugar para elaborar un informe recollendo a proposta máis axeitada para a solución do problema remitíndolle á Xunta para que inicie as actuacións precisas e non quede isto e non hai que, e logo o do paso de Pontón se como di o Concelleiro e se pode un anaco para que os camións poidan pasar por alí, os grandes xa nunca van a pasar, os máis pequenos poidan pasar pois mellor que mellor, aparte que un acceso a Barbadás, pero si que temos que reclamar que ese acceso nun futuro e se faga un acceso en condicións, e nada máis.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas. Grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. Villanueva toma a palabra: Eu creo que ó mellor ou sexa que a mellor opción é a de ampliar a rotonda de abaixo de feito as expropiacións xa están feitas, hai unha vía de servizo todo ó longo que está en terra onde dixo o Rafael que hai alí para facer o carril de deceleración hai unha vía de servizo que pasa por onde estaba Castro vello que está en terra tamén só hai que ampliar un carril máis a vía xa está feita, dá o ampliarse sácase a cuneta e dá, pero hai que vir dar a volta abaixo á rotonda porque cruzar a estrada non che van dar, e se anulas un carril sácaslle un carril que hai subindo e aí hai moita pendente. Hai dous 2,700 quilómetros se cortas un cacho queda no medio.

O sr. Alcalde toma a palabra: Rematou ou quere proseguir, ten aínda un tempo. Moitas grazas. Rafael.

O sr. Sierra toma a palabra: A reunión xa se comentou que xa está solicitada só falta a data, e despois os técnicos de seguridade viaria da Xunta son os que nos teñen que dar a solución ó problema e tratar de arranxalo entre todos. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor, abstencións

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** cos votos a favor do Grupo Mixto, e as abstencións de PSdeG-PSOE, BNG, PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para resolver ó acceso ás empresas que se encontran á beira da estrada de Celanova ó seu paso por Bentraces: Concretar unha reunión cos afectados do lugar para elaborar un informe recollendo a proposta máis axeitada para a solución do problema, remitíndollo á Xunta para que inicie as actuacións precisas. Instar á propia Xunta a que execute canto antes a ampliación do paso entre Pontón e o CET.**

13- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A LIMPEZA DE FINCAS Á CARÓN DAS VIVENDAS NOS NÚCLEOS RURAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto sobre a limpeza de fincas á carón das vivendas nos núcleos rurais. Ten a palabra o señor voceiro do Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Traemos tamén ó Pleno outra queixa de veciños como foi o anterior, xa digo os que se queixaron foron os dos camións que van ata alá e logo teñen que volver ata arriba a min non me importa, non me afecta. Ben, aquí traemos tamén trasladamos ao Pleno do concello as queixas que nos achegaron veciños e veciñas sobre a deficiente tramitación, ao seu entender, das



notificacións no referente á limpeza de fincas á carón das vivendas nos núcleos rurais do concello. Ditas queixas son motivadas porque estas persoas dirixíronse ao Concello para comunicar á necesidade de que os propietarios das fincas colindantes ás súas vivendas, procederan á limpeza das mesmas. Estas comunicacións fixéronse antes do verán. Sen embargo, a día de hoxe, as fincas en cuestión seguen sen limpar o que supón un risco extremo dadas as altas temperaturas que soportamos. Así pois, estes veciños e veciñas, pregúntanse que sucede coa xestión destas notificacións para que non se produza o efecto que se persegue, que non é outro, que a limpeza das fincas colindantes antes de que cheguen as datas de verán cando máis risco de incendio temos. Polo tanto, pensamos que dende o ano pasado este goberno non fixo nada en concreto para que se mellorara neste senso, e iso que xa se presentou unha moción ao respecto deste tema por un dos grupos municipais presentes aquí. A cidadanía quere respostas a este silencio administrativo ou de xestión e non entende esta parálise de actuación. Ten que haber unha reacción inmediata, pois aínda que o verán está rematando, a meteoroloxía parece que vai a seguir con altas temperaturas o que nos mantén nunha situación de risco potencial que temos á obriga de prever, Barbadás ten un núcleo urbano que é A Valenzá onde esta problemática non se percibe. O goberno municipal debe ter en conta que a outra metade da poboación vive en núcleos rurais moi urbanizados pero que conviven á carón do monte ao que hai que mirar de fronte e non darlle as costas. Por iso solicitamos que a corporación Municipal adopte os seguintes acordos: Instar ao grupo de goberno que resolva inmediatamente todas aquelas comunicacións de veciños e veciñas achegadas ao Concello sobre limpeza de fincas colindantes que a día de hoxe están sen executar. Elaborar un plan con medidas concretas para que estas situación non se repitan. O envío de cartas antes da chegada do verán aos propietarios destas fincas advertíndoos da necesidade de desbroce como xa se fai noutros concellos, é urxente. Enviar información a toda a veciñanza, sobre todo do rural, de toda a lexislación vixente referente á limpeza á carón das vivendas como medida de concienciación. Á vez que acabamos de aprobar unha ordenanza sobre os incendios forestais e a limpeza, pois nada é un pouco o que falamos ó principio e hai xente que fixo notificacións de maio, principios de xuño para que o da finca colindante que ó parecer cando fai unha notificación e ven ó Concello quere dicir que o da finca colindante non lle fai caso ou non sabe onde está esa persoa, por iso ven ó Concello porque se o da finca colindante limpa xa non ven aquí, polo tanto cando ven a facer, houbo xente que fixo esas notificacións e a día de hoxe a 5 de setembro a finca que ten ó lado segue sen limpar, polo tanto pregúntanse que é o que pasa, e nós traemos esa preocupación ó Concello entón pensamos que noutros concellos cando notifica algún veciño que a finca do lado non lla limpan



e ese señor ven a limpala despois ó ano seguinte a esa persoa vólvenlla a enviar xa dende o Concello directamente lle mandan unha notificación para que proceda á limpeza, pois no mes de xuño, ou sexa antes do 30 de xuño, sería unha proposta e logo que si que pensamos é que se envíe información algún tipo de papel onde se dea algo resumido e sobre este tema das limpezaas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Con esta moción estamos de acordo como ben dixo Padrón eu ó ano pasado xa presentei eu unha moción a primeira que presentei foi sobre este tema porque é preocupante os incendios e preocupante como está os pobos, as fincas ós lados das casas cheas de herbas, de silvas, eu o que si lle quería preguntar á Secretaria se é viable iso de unha persoa que non limpa un ano ó ano seguinte mandarlle unha notificación para que limpe, se iso é viable. Non pero eu o que preguntaba máis que nada é a un veciño que xa se sabe quen é, por exemplo o veciño do lado da miña casa, ó ano seguinte pódese lembrar que ten que limpala, que iso é o que está propoñendo Padrón se se pode facer. Xa me quedou claro. O que si está claro é que a ver, que temos que actuar ata onde podamos claro, máis alá senón coñeces ó titular da finca é imposible notificarlle, o que está claro é que nos pobos as informacións córrense e os veciños acábanse dicindo uns ós outros e temos que empezar a dar exemplo para acabar con isto. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Pois si realmente dende o noso grupo do Partido Popular concordamos con todo o fondo e o que pon esta moción dende logo é un motivo máis de prevención contra os incendios o que si vamos a ver, isto é un problema xa non só de Barbadás, está xeneralizado, pódolle asegurar que na maioría dos núcleos rurais o 80% das fincas que teñen maleza é de xente que non vive no pobo, iso si que coincido ademais coa Secretaria, está moi fragmentada herdeiros que un en Suíza, outro está en Alemania, outro está en Francia, entón como notificas a esas persoas, a ver campañas de concienciación estamos tocando coa xente que vive aquí, xa o sabe, si é recomendable que o Concello actúe de oficio, e non esperar a que un veciño denuncie iso xa o comentaba eu cando tratamos o tema da moción, pero o problema vémosto moi complexo, entón a min dáme pena como unha moción tan importante coma é esta que non poida saír, si saíra adiante pero unicamente colgar un bando como pasou co tema dos pozos, colgamos un bando, comunicámolo, e aí queda, pero non chegamos nin resolvemos o fondo da cuestión que nos trae aquí. Nada máis. moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nós estamos de acordo compartimos a filosofía da moción, estamos



de acordo en todos os seus puntos, tiñamos tamén esa dúbida que nos acaba de explicar perfectamente a señora Secretaria igual que tiña Fina e eu en todo caso vou a explicar que é o que se fai dende o Concello porque na moción dise que hai unha parálise de xestión, que non se fixo nada, eu creo que isto non é certo, en honra da realidade e da verdade eu vou dicir o que se fai dende este Concello e o que se fixo durante moitos anos por outra parte, agora que acabamos de aprobar unha ordenanza de ordenación da biomasa e da prevención de incendios poderemos facer outras cousas pero ata agora o que se facía e tamén o que se fixo este ano é o seguinte, primeiro aplicar a Lei 3/2007 de prevención e defensa de incendios forestais da Lei de Galicia, despois en función desta Lei, se recibe unha denuncia dun veciño de que hai predio sen limpar próximo á súa vivenda e polo tanto inmediatamente cando se recibe esa denuncia teño aquí este modelo, ponse en marcha un expediente consonte ó que marca a Xunta de Galicia, é dicir, facemos o que obriga a Lei, abrir un expediente inmediatamente e aquí está recollido todos os pasos que hai que cumprir segundo a Lei de montes, se cumpre a legalidade estritamente, primeiro quítase un planto con referencia catastral da finca denunciada, segundo, notificase a denunciante, denunciada, as parcelas sobre as que se fai esa denuncia, e envíase á Policía Local para que emita un informe, unha vez chegada a notificación da Policía Local de Barbadás pode ser de dúas maneira, pode ser positiva dicir que a finca xa fose limpada, co cal esta limpa xa se pecha ese expediente, e si é negativa se lle comunica que ten quince días naturais para proceder á limpar esa finca, estes prazos hai que respectalos porque o di así a Lei de montes, pasado este prazo de 15 días volve a Policía Local a inspeccionar ese predio para ver si o limparon, e se non o limparon mándase copia de todo o expediente a Consellería de Medio Rural, di, o concello deberá comunicar á persoa responsable a súa obriga de xestionar a biomasa concretando as circunstancias do incumprimento, e senón o concello poderá proceder á execución subsidiaria dos traballos da xestión de biomasa repercutindo os custes ás persoas responsables, que sucede que o problema é non limpan cando non se coñece o titular da finca, o que comentaba agora Manuel e o que comentaba Silvia, que son os problemas cando non se coñece o titular non hai a quen pedirlle que o limpe, se o Concello para iniciar un proceso de limpeza desa finca teríamos que cumprir moitos procesos legais e despois repercutir sobre a propiedade da finca as cargas da limpeza o que significaría seguramente que nunca na vida fose recuperado ese diñeiro, o que se fai é comunicar a Consellería de Medio Rural, e a Consellería de Medio Rural quen sanciona, sanciona en algúns casos, porque como digo a execución subsidiaria sería de moi difícil execución en incluso podería levar a expropiación da finca, co cal se dificultaría moito o traballo administrativo. Puxéronse bandos, no Concello de Barbadás, puxéronse



bandos no mes de abril en todas as parroquias do Concello moitos bandos, moitos, en Sobrado 4, en Bentraces 3, en Loiro 3 e así en todas as parroquias do noso Concello este é o traballo que temos que facer se nos di a Secretaría do Concello que podemos notificar as fincas que quedaron sen limpar do ano anterior que o fagan o ano que ven, farémolo porque non só moitas. Paso a ler un informe da Policía Local de Barbadás emitido con data de hoxe, “O xefe da Policía Local a solicitude da Tenencia de Alcaldía dende o día 1 de xaneiro ata o día 5 de setembro do ano 2016 recibíronse neste Xefatura de policía un total de 74 solicitudes de limpeza de predios a instancias de particulares, e de comprobación e verificación e limpeza posterior, a día de hoxe a día de hoxe tramitáronse 70 quedan pendentes 4 sen tramitar e o período medio de tempo que transcorre dende que se recibe unha notificación ata que se fai o expediente é de 4 días, en 4 días resolvemos e para ter en conta durante o ano 2015 por exemplo de todas estas solicitudes se transmitiron á Consellería de Medio Rural, é dicir, non limparon 11 persoas, e non que levamos de ano de 2016 remitiuse á Consellería de Medio Rural, é dicir, non limparon 4 persoas eu creo que vale habería que atopar estes catros que é de moi difícil modificación eu creo que non é tampouco unhas cifras esaxeradamente alarmantes entendendo a necesidade de que se limpe o monte primeiro.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, vamos a ver, eu traio esta moción porque recibín, e traslado queixas dos veciños, eu non me invento cousas, senón non a traería, nada máis. Entón eu teño a obriga de traer aquí ó Pleno do Concello queixas dos veciños, polo tanto eses veciños fixeron as alegacións oportunos e eu expliqueilles todo o que vostede acaba de soltar agora aí, porque o sei, expliqueillo a eles, expliqueillo a eles todo o procedemento e todo o que fan aquí e o que se fai para solucionar ese tema pero a día de hoxe a finca do lado téñena sen limpar, entón pregúntanse que é o que pasa, entón eu traio aquí a moción para dicir que é o que pasa é que se resolvan inmediatamente aquelas comunicacións, vostede di que se fixeron esas solicitudes e tramitáronse, o que se tramitaran vostede non di que efectivamente se levou a limpeza a cabo, iso non está asegurado nese informe, ou sexa, está tramitado efectivamente, está tramitado tamén ten razón que hai moitos casos deses porque algún foi como chegaron a min os veciños que é porque incluso volveu aquí ó Concello a ver que pasaba e efectivamente que non daban localizado a esa persoa, estaba en Alemania, mandábanlla a dirección de Alemania pero efectivamente hai outros casos doutras persoas que o fallo foi porque lle dixeron, a ver, a xente explica as cousas eu digo aquí non quere dicir que sexa así, non?, que faltaba a firma non sei de que funcionario ou non sei que historia entón que o, a ver, eu digo o que, neste caso non, non, a ver, eu non, acabo de dicir que non sei se era ese o caso, refírome que lle explicaron, non pero eu



parece que estou atacando, eu simplemente, eu estou dicindo o que me traslada a xente teño a obriga de traelo aquí, e punto nada máis, eu refirome que non esa persoa non explicou que o caso era por culpa de non atopar a persoa, senón que non se tramitou por algún trámite aquí que lle explicaron, xa sabemos que ás veces un vai a un sitio e un dille unha cousa e anda tres pasos e outro dille a contraria non sei cal foi o motivo el explicao así daquela maneira, está claro que hai un problema e nós queremos buscarlle solución, por iso temos a obriga de pedirlle ó goberno que resolva eses casos porque o problema está aí que as fincas están sen limpar en setembro esa xente pregúntase esas cousas e logo achegamos algunha medida concreta que nós pensamos que pode ser útil, oia outros pensarán o que sexa, unha das medidas é esa, unha vez que hai persoas do Concello que mandan notificacións aquí quere dicir que os colindantes non limpan, entón o Concello que colla esa notificacións para o vindeiro ano a esas persoas xa lle envíe un chámelle como queira advertíndoos de que teñen que limpar que o fan noutros concellos xa digo, e eu teño ensináronme os papeis diante, e funciona moi ben porque van a limpar rapidamente, os que non reciben notificacións, ou sexa non lle vamos a mandar a todos porque efectivamente os que aquí aparecen con notificacións quere dicirse que os colindantes están, ou sexa que as fincas están limpas os que teñen as vivendas non protestan entón non vamos a actuar sobre que, sobre todo o Concello agora sobre os que se reciben notificacións si, e nada, e tratar de resolver iso, tampouco é unha cousa, logo pensamos outra idea que sería mandar unha, un algo, algo que se puidera mandar a toda a veciñanza sobre todo rural xa digo no que se lles explicara un pouco o tema da ordenanza, tamén quero recordar que a ordenanza di que si se tramita unha notificación destas e logo e se vai alí e se ve efectivamente que non limparon o Concello pode limpar e cobrarlle a esa persoa entón non é gasto para o Concello. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Fina Varelas. Moitas grazas. Ten a palabra o señor voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Manteño a postura de que estamos a favor desta moción, o que si Fírvida aclárate, vamos a ver, cando falaches na túa intervención na moción de prevención, defensa no tema do da biomasa dixeches que este Concello non cumpría coa Lei 3/2007, e agora mesmo nesta outra intervención si dis que dende hai anos este Concello está cumprindo coa legalidade da Lei 3/2007 repase un pouco as súas intervencións simplemente ese inciso

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde

O sr. Fírvida toma a palabra: O que dixen na aprobación da ordenanza é que non había ordenanza neste Concello que regulase aquela Lei polo tanto estaba fóra da Lei porque non se podía regular en



base a unha ordenanza por exemplo cobrar en execución subsidiaria cobrarlle ós propietarios a carga da limpeza, a iso me refería si pero o que é o trámite deste proceso que acabo de expor aquí dunha denuncia dun veciño a outro veciño por non ter limpos os predios isto si que cumpría Manuel, e nós xa dicimos que aprobamos esta moción que a vemos positiva, nós tamén temos recibo tamén, persoalmente recibín queixas de veciños de que non se lles foi facer a notificación, vamos ver, despois cando te paras a falar con eles máis detidamente, ás veces veñen a mirar se podemos facer que se limpe sen necesidade de chegar á denuncia, porque sempre molesta ter que denunciar a un veciño e veñen a intentar, veñen a intentar, Ramón agora estou no uso da palabra perdoa, veñen a intentar sempre porque saben que estamos aquí para atendelos e é así, veñen a intentar que nós incidamos moitos, e que eles se vexan na obriga de ter que denunciar a un veciño co que comparten porta porque sempre é un pouco agresivo na veciñanza, e ás veces non presentan a denuncia se presentan a denuncia, por favor acabo moi rápido, vamos a votar a favor en todo caso Ramón, tárdase unha media de 4 días en ir a inspeccionar as fincas sen abrir o proceso son 15 días naturais e despois se lles obriga a limpar son 15 días naturais para facer a limpa e senón se remite a Medio Rural, o Concello a partir da ordenanza da biomasa podemos entrar a limpar esas fincas, veremos a quen lle pasamos os custes e como soportamos ese gasto

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor?. Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación **resultando aprobado** por unanimidade o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto sobre a limpeza de fincas a carón das vivendas nos núcleos rurais: !- Instar ao grupo de goberno que resolva inmediatamente todas aquelas comunicacións de veciños e veciñas achegadas ao Concello sobre limpeza de fincas colindantes que a día de hoxe están sen executar. 2- Elaborar un plan con medidas concretas para que estas situacións non se repitan. O envío de cartas antes da chegada do verán aos propietarios destas fincas advertíndoos da necesidade de desbroce como xa se fai noutros concellos, é urxente. 3- Enviar información a toda a veciñanza, sobre todo do rural, de toda a lexislación vixente referente á limpeza á carón das vivendas como medida de concienciación.”**

PARTE DE CONTROL

14- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Queda o apartado de rogos e preguntas. A dación de contas, xa está a



documentación entregada

15- ROGOS E PREGUNTAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas. Dada a hora por escrito como temos quedado en outras ocasións. Se queredes lelas, si por favor, e despois presentades por escrito.

O sr. Ramón toma a palabra: Simplemente tería varias cuestións que a ver se nolas contestan, preocupacións dos veciños, unha en relación coa programación de cultura e porque non se puxeron carteis en todos os pobos e os carteis non teñen o membrete do Concello e logo que fíxose unha programación exclusivamente para A Valenzá e porque non se fixo algunha tamén no resto dos pobos, hai que contar que a parroquia de Piñor ronda os 2.000 habitantes e Barbadás, Sobrado e Bentraces e Loiro xunto outro tanto, polo tanto, preguntámonos por que só se fixo iso en A Valenzá. E logo o informe sobre o arranxo da piscina municipal que nós pedimos que se aprobou non figura o custe inicial da obra, queremos tamén preguntarnos se os cartos sobrantes das subvencións ás asociacións veciñais e tamén se van poder adicar á compra de material destas, e nada, isto simplemente é un comentario dicirlle ó Alcalde que, dicir que o 5% do gasto dun presuposto de algo é pouca cousa, oia depende porque depende como fora o gasto porque o gasto ó mellor o que gastan agora e un 0,5% e tamén podemos dicir que é pouca cousa e é unha animalada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas, quere formular?, non. A voceira ou voceiro do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Unha das preguntas é cando empezan as actividades nos pobos, porque nolo demandaron nas asociacións, se nos pode contestar alguén para dicirllo. Váiselles informan, non?, unha reunión ou algo, ou non?. É igual con iso xa lle dicimos. Outra pregunta, as fincas propiedade do Concello están limpas, todas na súa totalidade señor Alcalde está para que saiba, si?. Tamén vamos a preguntar, outra pregunta, vai todo por escrito pero quero que todo o mundo as oia, estanselle dando subvencións nominativas ás asociacións culturais e veciñais?. Despois outra pregunta, esta é para Victoria para cando a rampla de acceso da señora Remedios en As Lamas, trasladárono hoxe a mañá, sabemos cando en que data para poder dicirlle?. Leva esperando ti sábelo perfectamente, xa estamos é igual. Hai tres rogos que traemos, vamos a ver queremos se pode ser, é un rogo que a xente ten falta de información na páxina web das subvencións sobre todo para os nenos pequenos que sacou a Xunta para poder coidalos, sabedes que esta semana sacaron varias subvencións, entón creo que falta porque hai moita xente na rúa que descoñece este tipo de



subvencións e eu creo que o Concello na páxina web pódoo poñer, entón eu creo que é un rogo porque hai moita xente que non está enterada das subvencións que dá a Xunta, incluso a Deputación, outras administracións, vámolos deixar aí. Outro rogo, necesitamos un informe xurídico vaise pedir, ampliando a legalidade da proposta da ordenanza de prevención de incendios da secretaría. Un rogo tamén, que a boca de rego de incendios que dixemos antes no antigo paso de peóns de Mercadona quede sinalizada, pero xa dixo a señora Victoria que a ían poñer ben visible. Temos unha pregunta, para intervención ou secretaría, nós fixemos unha serie de cuestións non sabemos se é ou non é nós queremos que a Interventora estea nos Plenos, entón non sabemos se é que ten que estar ou non ten que estar esperemos que nolo contesten por escrito porque segundo nos dixeron que se o pedimos o Plenario que ten estar entón eu creo que moitas cuestións das que traemos a oposición que somos os que menos información temos eu creo que ela debe de estar, entón pois nos queda esa pregunta no aire. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Rogos e preguntas por parte do público quedan dous minutos para levantar a sesión.

A sra. Vispo toma a palabra: Perdón só un segundo que é unha cousa urxente pero dio, claro que iso non o sabía.

A sra. Carril toma a palabra: Tedes que mirar urxentemente o río de Bentraces pero urxentemente porque a tubaxe pero xa leva tempo así, o río de Bentraces, está a tubaxe rota, estase misturando augas fecais ca auga do río dende fai tempo, está rota en tres sitios, en Bentraces, dende a altura do bar ata as Besadas, dende o bar, o bar Alejandro de toda a vida ata as Besadas ese tramo, hai tres anacos, creo que xa cho había comentado a ti fai un ano tamén dun anaco que se arranxara.

O sr. Villanueva toma a palabra: A que foi debido o retirar os cadros do tanatorio de Barbadás

O sr. Alcalde toma a palabra: Plantéxela por escrito e responderáselle. Grazas.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 24:00 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL